



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de agosto de 2021

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

En sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meeting e de conformidade co disposto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril ante a indisponibilidade do salón de sesións como consecuencia do desenvolvemento do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo e co fin de garantir as medidas preventivas en materia COVID iníciase a sesión da Xunta de Goberno Local sendo as dez horas do día doce de agosto do ano dous mil vinte e un, en sesión ordinaria previamente convocada, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Abel R. Caballero Álvarez , coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(705).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 26 de xullo e ordinaria do 05 de agosto de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde– presidente.

2(706).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DA SOLICITUDE DE CESIÓN DE METADE DO POSTO C05 DO MERCADO DO POGRESO. EXPTE. 7822/106.

Visto o informe xurídico do 26/07/2021, dáse conta do informe-proposta 18/06/2021, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, adxudicouse á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, con CIF. ***6640>>, o procedemento aberto para a contratación da xestión indirecta do Mercado do Progreso, polo período de 25 anos, a contar dende a data do 1 de xullo de 2015.

2.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de data 31/08/2017 acordou acceder á renuncia á concesión outorgada a Planos de Desenvolvemento Comercial, con CIF ***7146>> e adxudicar o posto á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso.

3.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 25/03/2021, a Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, doc. 210048202, reitera a solicitude de cesión da concesión da metade do posto F05 a favor de Dna. Pilar Alonso Quiñones.

5.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 13/05/2021 D. José Luis Lorenzo Pérez, con DNI ***1980>> solicita cambio de titularidade da cesión do posto M07 (actual F04) a nome da sociedade Carvalloeden, S L (expte 7953/106) en trámite de traspaso da concesión por parte de Dna. Rosa María Lago Alonso, e, conforme este, manifesta a este centro xestor o seu interese na cesión da outra metade do posto colindante F05.

4.- Achégase ao expediente declaración responsable de Dna. Pilar Alonso Quiñones conforme se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, cumpre o requisitos de capacidade para contratar e coñece e se compromete a cumprir coas condicións da concesión.

5.- Con data 09/04/2021 a Tesourería municipal emite certificado conforme Dna. Pilar Alonso Quiñones non ten débedas ou sanción de natureza tributaria na vía de constrinximento a 21 de agosto de 2020, de conformidade co disposto no artigo 74.1 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

-Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), de conformidade coa disposi-



Concello de Vigo

ción transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na que se dispón que os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei se rexerán, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

-Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

-Real decreto-lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

-Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no "*Mercado municipal do Progreso*" mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible (PCAP).

-Prego de prescricións técnicas para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no "*Mercado municipal do Progreso*" mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible (PPT).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Conforme aos pregos de prescricións aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014, para a contratación en procedemento aberto da xestión integral do servizo público de mercado no "*Mercado municipal do Progreso*" mediante a modalidade de concerto e para a concesión de dominio público dos espazos non adxudicados existentes no inmovible, que constitúen a "*lex contractus*", establecen o seguinte:

A) Os Pregos de cláusulas administrativas particulares se refiren ao presente suposto nas seguintes cláusulas:

- Cláusula 4: Obxecto do contrato e códigos de clasificación

" 1.- O presente contrato ten por obxecto unha xestión integral dos espazos públicos existentes no Mercado municipal de abastos da Praza do Progreso (servizo público) comportando iso a concesión dun uso privativo dos espazos destinados a "supermercado" e "cafetería", así coma dos postos do mercado que non fosen adxudicados directamente aos usuarios polo Concello de Vigo e daqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro (espazos da concesión ao adxudicatario do concerto).../.

(.../) o obxecto do contrato comprende a xestión das concesións de dominio que se lle adxudican, baixo os principios de eficacia na xestión do servizo público, **dos**

postos de venda do mercado que, por distintas razóns, resulten vacantes e dos postos de venda de produtos do campo nos termos que se establecen no artigo 6 do PPTP e nas instrucións que se diten.(.../)

- Cláusula 7: Duración de concerto e das concesións de dominio

"1. O prazo de contrato é de vinte e cinco (25) anos improrrogables, a contar dende o día primeiro ao mes seguinte á data da sinatura do contrato e dos documentos concesionais. (.../)"

Data da sinatura 30 de xuño de 2015 e vixencia dende o 1 de xullo de 2015, rematando en consecuencia o 30 de xuño de 2040.

- Cláusula 26: Cesión e arrendamento dos espazos obxecto de concesión de dominio

*"1. Conforme se indica no Anexo VI do presente PCAP o contratista-adxudicatario, titular das concesións de dominio dos espazos citados ("supermercado", "cafetería" e **postos baleiros**), poderá proceder, previa autorización do órgano de contratación (Xunta de Goberno Local), á cesión ou ao arrendamento de ditos espazos co exclusivo fin de que neles se presten as actividades mencionadas.../.*

.../A cesión e o arrendamento non poderán ser outorgados por tempo superior o que medie entre a fecha do mesmo e a conclusión do prazo concesional. O cesionario ou arrendatario declarará expresamente no documento que formalice, que coñece e acepta as condicións que concorren na concesión en cuanto poidan afectarlle. En todo caso, o concesionario será responsable do establecido no contrato concesional.

2. A cesión dos postos baleiros do mercado implicará a obriga do cedente ou arrendador de aboar ó Concello de Vigo o importe dunha mensualidade do canon actual máximo resultante por cada ano ou fracción da concesión cedida. A cota mensual do posto obxecto de cesión 10-03-2021 non poderá, en ningún caso, ser inferior á establecida para postos da mesma tipoloxía obxecto de concesión directa."

B) No artigo 6 do prego de prescricións técnicas establececese o réxime dos postos de venda no Mercado vacantes adxudicados neste procedemento e dos que resulten no futuro sinalando que:

"1. O adxudicatario, de conformidade co establecido no PCAP, obtén unha concesión de dominio sobor dos postos que resulten vacantes tanto por resultar sobrantes coma resultado da execución das obras en curso coma por abandono ou remate das concesións outorgadas sobor dos mesmos. Tanto uns coma os outros poderá explotalos directamente ou ceder a terceiros a dita concesión, previa conformidade municipal, para a súa explotación por un período de tempo igual ó que reste ata o remate do concerto. Sen embargo, non poderá arrendalos máis que para usos temporais, que en ningún caso poderá exceder de tres meses.



Concello de Vigo

2. A cesión a terceiros dos postos adxudicados neste procedementæ de aqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro , en iguais termos que os acordados para os adxudicatarios dos restantes postos, deberá ser autorizada, previa solicitude, polo Órgano de Contratación do Concello de Vigo, e determinará a obriga de satisfacer ó Concello de Vigo polo cedente o importe de unha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, que abarcará en todo caso ata a data de finalización do concerto.

3. Unha vez abonada a cantidade indicada no apartado anterior, formalizarase o contrato de cesión; este e as súas modificacións serán en todo caso depositados no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este senón dende o dito depósito. O cesionario convértese por este acto en concesionario de dominio sobor do posto e subrógase nos dereitos e obrigas do cedente, o que se fará constar no contrato de cesión.

4. De se producir a resolución anticipada do concerto e dándose as condicións do apartado anterior, o Concello subrogarase nos citados contratos, sempre que na dita resolución non teña intervido actuación do cesionario ou arrendatario que, con culpa ou dolo, fose causa ou coadxuvase á dita resolución, que o contrato fose antieconómico ou que fose depositado unha vez producidas as circunstancias que motivan a dita resolución.

5. A cesión dos postos adxudicados neste proceso e daqueles que, polo remate do prazo concesional, puidesen quedar baleiros no futuro, suxeitarase ás seguintes condicións, que deberán constar expresamente na solicitude efectuada ao Concello de Vigo de cesión da concesión de dominio:

- a) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial para a que se lle outorga a concesión no posto, con pleno acatamento ás normas.
- b) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.
- c) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre do posto sen o consentimento expreso do Concello de Vigo, previo informe do xestor do Mercado, e que se suxeitará ás seguintes condición.
 - ☐ Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
 - ☐ O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo dunha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
 - ☐ No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ao seu favor poderá ser transmisíble aos seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
 - ☐ As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.
 - ☐ Os concesionarios deberán abonar os tributos que lle resulten esixíbles, así coma os subministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable).

6. As condicións indicadas no apartado anterior formarán parte igualmente do informe que o adxudicatario do concerto deberá efectuar ás solicitudes de cesión de dereitos polos comerciantes adxudicatarios dos postos; neste suposto, a cesión será polo tempo que reste ata o remate da concesión outorgada”.

SEGUNDO.- Nos pregos indicados non se establece a posibilidade de ceder os postos vacantes de forma fragmentada, cuestión esta que se ben lle permite á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo a inmediata ocupación do posto polos titulares colindantes, conleva unha redución da oferta das unidades comerciais do mercado, xunto con dificultades insalvables nas posibles transmisións do posto e pago do canón correspondente asignado á totalidade deste, así como no caso de extinción da concesión dalgún dos titulares.

COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto na cláusula 4.1.c) do PCAP aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014.

En mérito ao que antecede, previo informe xurídico que se achega ao expediente,

PROPONSE á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“PRIMEIRO.-Desestimar a solicitude da Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso de Vigo, CIF. ***6640>>, de 13 de xullo de 2018, doc. 180112049, data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, pola que solicita autorización para a cesión do posto e pretensións de Pilar Alonso Quiñones, con DNI ***5947>> e José Luis Lorenzo Pérez, con DNI ***1980>> de ampliar os seus respectivos postos (F03 e F04) mediante a ocupación a partes iguais do posto contiguo F05.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, Dña. Pilar Alonso Quiñones e D. José Luis Lorenzo Pérez, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(707).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA E REORDENACIÓN DE ESPAZOS NA PRAZA DA MIÑOCA”. EXPTE. 856/441.

Visto o informe de fiscalización do 06/08/2021, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 5/08/2021, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñoca” (856-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñoca” (856-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA E REORDENACIÓN DE ESPAZOS NA PRAZA DA MIÑOCA”, redactado pola Arquitecta Iria Urdampilleta Pérez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 22.04.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 277.685,95 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 17106190060 “Mellora Praza de Miñoca”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	1.600.000 €
------	-------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñooca” (856-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	96,19
2	UTE SERANCO, S.A.- ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	95,27
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS SL	92,66
4	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	91,95
5	PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A	91,20
6	CIVIS GLOBAL SLU	89,70
7	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (COVSA)	86,13
8	ORECO, SAU	81,12

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 19 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 23 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade



Concello de Vigo

dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 1 e 12 de xullo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Mellora e reordenación de espazos na praza da Miñooca” (856-441) por un prezo total de 1.231.840 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 213.790,41 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(708).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DOS CURROS – LAVADORES". EXPTE. 708/441.

Visto o informe de fiscalización do 06/08/2021, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 5/08/2021, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na rúa dos Curros – Lavadores" (708-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na rúa dos Curros – Lavadores" (708-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA DOS CURROS – LAVADORES", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (89.541,56 €) e data agosto de 2018, e con sinatura dixital de 14/12/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 05 de abril de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de OITENTA E NOVE MIL CINCOCENTOS CORENTA E



Concello de Vigo

UN EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (89.541,56 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 15.540,27 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.75 (“Human. Rúa dos Curros”)

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa dos Curros – Lavadores” (708-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	MONTAJES JM IGLESIAS SL	90,82
2	NAROM, S.L.	89,99
3	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	88,88
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS S.L	78,72
5	AVAN INTEGRAL, S.L.	78,54

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES JM IGLESIAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., o día 19 de xullo de 2021, que presenta parte da documentación o 2 de agosto de 2021, dentro do prazo concedido. O resto da documentación foi presentada o 4 e o 5 de agosto debido a un erro no Rexistro Electrónico segundo informe do xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 4 de agosto.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 30 de xuño e 16 de xullo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (B-36.130.649) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na rúa dos Curros - Lavadores” (708-441) por un prezo total de 72.698,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.617,15 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(709).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DA BREA-BEADE”. EXPTE. 703/441.

Visto o informe de fiscalización do 06/08/2021, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 5/08/2021, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construcción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade” (703-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construcción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade” (703-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 15 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DA BREA-BEADE”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS VINTE E SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E UN EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (226.881,13 €) e data xuño de 2018, e con sinatura dixital de 12/05/2018

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS VINTE E SEIS MIL OITOCENTOS OITENTA E UN EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (226.881,13 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 39.376,06 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.70 (“Human. Camiño da Brea”).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 16 de xullo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade” (703-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	92,04
2	MONTAJES JM IGLESIAS SL	89,56
3	PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A	89,37
4	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	88,44
5	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS SL	82,13
6	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	80,43
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	82,49
8	NAROM, S.L.	79,81
9	AVAN INTEGRAL S.L.	78,56
10	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	45,32

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.



Concello de Vigo

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 19 de xullo de 2021, que presenta a documentación requirida o 23 de xullo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 5 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 30 de xuño e 12 de xullo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (B-36.746.584) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas no camiño da Brea-Beade” (703-441) por un prezo total de 172.724,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 29.977,00 euros.”

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(710).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL, RECAÍDA NO RECURSO INTERPOSTO POR BANCO DE SANTANDER, S.A. CONTRA O ACORDO DE NON ADMISIÓN DA SÚA PROPOSICIÓN NA CONTRATACIÓN DUNHA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE 17 VEHÍCULOS DOTADOS DE TRANSFORMACIÓN POLICIAL EXPTE. 68047/212.

Dáse conta da proposta de data 09/08/2021, asinada pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 137/2021 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 128/2020, interposto por BANCO DESANTANDER, S.A. Contra o acordo do 27.05.2021 de non admisión da súa proposición na contratación dunha subministración en réxime de arrendamento (renting) de 17vehículos dotados de transformación policial, expediente 68047-212 do Concello de Vigo . Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por BANCO DE SANTANDER, S.A. contra o acordo do 27.05.2021 de non admisión da súa proposición na contratación dunha subministración en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos dotados de transformación policial, expediente 68047-212 do Concello de Vigo.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(711).- DAR CONTA DA RAZÓN DA RESOLUCIÓN DO TACGAL, RECAÍDA NO RECURSO NO 148/2021, CONTRA OS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS AUTÓNOMOS DE RESPIRACIÓN E DÚAS HIDROLAVADORAS PARA OS PARQUES DO SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6408/213.

Dáse conta da proposta de data 09/08/2021, asinada pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, que di o seguinte:



Concello de Vigo

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 154/2021 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 148/2021, interposto por DRÄGERSAFETY HISPANIA, S.A.U. contra os pregos de prescricións técnicas da contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo, expediente 6408-213. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por DRÄGER SAFETY HISPANIA, S.A.U. contra os pregos de prescricións técnicas da contratación do subministro de equipos autónomos de respiración e dúas hidrolavadoras para os parques do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo, expediente 6408-213 dese Concello.
2. Levantar a suspensión acordada no seu día.
3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(712).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE DOAZÓN DUN TÓRCULO AO CONCELLO DE VIGO PARA A ESCOLA DE ARTES E OFICIOS (EMAO). EXPTE. 1079/613.

Visto o informe de fiscalización do 06/08/2021, dáse conta do informe-proposta de data do 22/07/2021, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Código Civil.
- Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro (LCSP).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante escrito de data 23/03/2021, D. Darío Álvarez Basso realiza a oferta de doazón ao Concello de Vigo dun Tórculo Marciel Azañón T-80 para o seu uso na Escola Municipal de Artes e Oficios EMAO .

Segundo.- No expediente consta informe valorativo favorable sobre esta oferta, da mestra da especialidade de Serigrafía artística da EMAO en data 07/05/2021, conformado polo técnico responsable de Educación de adultos, no que concluese que resulta de interese *para o seu uso habitual na Escola, especialmente en Serigrafía artística e tamen(...) noutras especialidades e actuacións de carácter socioeducativo da EMAO.*
Estima o seu valor, en función do seu estado actual e o feito de estar desmontado, en 2.500 €.

Terceiro.- Pola concellería de Educación emitiuse informe proposta o 14/05/2021 asinado polo técnico responsable de Educación de Adultos, a xefa do Servizo e Concelleiro delegado de Educación, nos seguintes termos: *Aceptar a doazón dun tórculo Marciel Azañón T-80 para o seu uso na Escola Municipal de Artes e Oficios EMAO por parte de D. Darío Álvarez Basso conforme ao seu ofrecemento de 22/03/2021 e ao informe da mestra da especialidade de Serigrafía artística de data 07/05/2021, conformado polo técnico responsable de Educación de adultos.*

Cuarto.- D.Darío Álvarez Basso achegou ó expediente declaración responsable conforme non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no art. 71 da Lei de Contratos do Sector Público.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).

SEGUNDO.- A doazón recollese como uns dos modos de adquisición dos bens e dereitos polas Administracións públicas, previsto no artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL, que constitue un acto de liberalidade, gratuíto e unilateral, polo cal unha persoa dispoñe dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).

Así mesmo, sinalase no Código Civil que poderán facer doazóns todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens, e perfeccionarse dende que o doante coñece a aceptación do donatario.(art.623 e 624).

En canto ó ser ésta un modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha, dispoñéndose únicamente a limitación no suposto da suxección ou vencemento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL).



Concello de Vigo

No presente caso, a teor dos termos nos que formulase ó ofrecemento da doazón atopámonos ante un suposto de doazón pura e simple, non existindo restricción algunha a súa aceptación, podendo ser acordada polo órgano competente, se así o estima de interés público.

Por outra banda, consta no expediente declaración responsable efectuada polo donante conforme non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no art. 71 da Lei de Contratos do Sector Público

TERCEIRO.- O artigo 9.2 da Lei de Contratos do Sector Público, considera a doazón un contrato excluído do ámbito de aplicación de dita Lei, dispoñendo no seu art. 4 que ditos contratos regularáanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

CUARTO.- Así mesmo, a doazón de cousa moble poderá facerse verbalmente ou por escrito, requiríndose neste último caso para que surta efecto, que conste na mesma forma a aceptación (artigo 632 Código Civil), xa que a doazón só obriga ó doante e produce efectos dende a aceptación (artigo 629 Código Civil).

QUINTO.- Consecuentemente co exposto, non existe inconveniente na aceptación da doazón de D. Darío Álvarez Basso dun Tórculo Marciel Azañón T-80 para o seu uso na Escola Municipal de Artes e Oficios EMAO, dacordo co informe da técnica da EMAO e a proposta favorable da Concellería delegada de Educación, reseñados nos antecedentes da presente.

SEXTO.- Resulta competente para resolver sobre a aceptación da doazón plantexada, a Xunta de Goberno Local, consonte ao previsto na Disposición Adicional Segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aceptar a doazón de D. Darío Álvarez Basso dun Tórculo Marciel Azañón T-80 para o seu uso na Escola Municipal de Artes e Oficios EMAO, conforme ao seu ofrecemento de data 23/03/2021, e a proposta da Concellería delegada de Educación do 14/05/2021.

2ª.- Proceder, tralos tramites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo, delegando no Concelleiro Delegado da Área de Educación o asinamento de dito documento.

3º.- Dar de alta, unha vez perfeccionada a doazón, o ben no Inventario Municipal de bens e dereitos, dacordo coa catalogación e valoración efectuada pola EMAO.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(713).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DOS “INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI”. EXPTE. 18274/77.

Visto o informe de fiscalización do 04/08/21 e o informe xurídico do 06/08/2021, dáse conta do informe-proposta de data 03/08/21, asinado pola técnica de xestión

(Resolución do concelleiro-delegado de Cultura e Emprego do 27/07/21), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local (XGL) en sesión ordinaria do 19 de novembro de 2020, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, acordou:

1.- Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VI", mediante resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de 346.946,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.

2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "VIGO CAPACITA VI", conforme aos criterios establecidos na referida Orde de 27 de decembro de 2019.

II. Dito acordo foi rectificado no punto primeiro, na sesión ordinaria do 1 de xullo de 2021 da Xunta de Goberno Local, por non estar recollido o importe de 30.000€ de incentivos a contratación, quedando redactado do seguinte xeito:

Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro dual de Emprego denominado "VIGO CAPACITA VI", mediante resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da Orde de 27 de decembro de 2019 (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de 346.946,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado, así como a cantidade concedida de 30.000 euros para incentivos á contratación laboral dos participantes no Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA VI" .

III. O concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá o 2 de xuño de 2021 resolveu, logo do informe de necesidade da xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, iniciar o procedemento para a aprobación das bases reguladoras e a convocatoria das subvencións para a concesión dos Incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego Vigo Capacita VI (expte 18274/77).

IV. No expediente consta a seguinte documentación:



Concello de Vigo

-Resolución do Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia do 17 de novembro de 2020 na que se concede a subvención para o obradoiro dual de emprego "VIGO CAPACITA VI".

- Acordo da Xunta de Goberno Local de 1 xullo de 2020 que rectifica o anterior de 19 de novembro de 2020 por non estar recollido o importe de 30.000€ dos incentivos á contratación dos participantes no obradoiro.

- Bases reguladoras, convocatoria das axudas, extracto e os modelos de formularios (Anexos I a V) asinados pola técnica de xestión por ausencia da xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 10 de xuño de 2021 co conforme dos concelleiros delegados de Cultura e Emprego e o de Facenda e Orzamentos.

V. Polo servizo de Intervención se detectaron os seguintes erros:

a) Artigo 9.2 das bases da convocatoria: débese eliminar o último inciso do parágrafo ("*que aparte dos tres alumnos/as sobre os que se vai a recibir a axuda contrate a mais alumnado do obradoiro, etc.*"), xa que, na convocatoria, non existe límite algún en canto ao número de alumnos/as a contratar.

b) O informe proposta e as bases non indican a aplicación orzamentaria á que se imputará o gasto, isto é:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DENOMINACIÓN PARTIDA	CRÉDITO
2410..4700007	AXUDAS CONTRATACIÓN OE "VIGO CAPACITA VI"	30.000,00€

Polas razóns anteditas, se corrixe a proposta (engádese apartado IV) e as bases da convocatoria (engádese Artigo 4 "Contía total e crédito orzamentario" e elimínase último inciso do artigo 9.2) segundo as indicacións do servizo de Intervención, quedando modificada a numeración do articulado das ditas bases.

II. CONSIDERACIÓN XURÍDICAS:

I. OBXECTO DO EXPEDIENTE

O obxecto deste expediente consiste na aprobación das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a concesión dos Incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego Vigo Capacita VI.

Segundo se indica nas bases obxecto de informe, estas axudas teñen como beneficiarias as persoas empregadoras e as empresas/ entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, no ámbito da hostelería, e que contraten traballadores ou traballadoras por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

Estas contratacións temporais, durante un mínimo de 3 meses a xornada completa, incentivaranse cunha contía fixa de 1.500€ por cada traballador sendo o número máximo de incentivos a conceder de 20 en total.

A finalidade última destas axudas é promover a inserción laboral das persoas participantes nos obradoiros, mediante contratos laborais temporais en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de beneficiarios de Obradoiros de Emprego que se veñen desenvolvendo en exercicios anteriores pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, ven considerando que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

III. NORMATIVA APLICABLE :

Preceptúa a normativa aplicable que, con carácter previo ó outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na lei (Arts. 9.2 LXS e 6.2 LSG). Lémbrese, en todo caso, que –segundo o Art. 17.2 da LXS- as bases deberán aprobarse no marco das Bases de execución do Orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2021 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións



Concello de Vigo

que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG); a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

No presente suposto ten unha especial importancia o disposto na Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2021 do Concello de Vigo é de 30.000 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700007 denominada "Axudas á contratación OE VIGO CAPACITA VI", de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

V. BASES REGULADORAS

As bases reguladoras teñen como finalidade, de conformidade co previsto no capítulo IV "Incentivos á Contratación" da Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG 22-01-2020), a determinación do sistema, procedemento, para a concesión dos incentivos á contratación dos alumnos-traballadores do Obradoiro de Emprego.

No apartado 2 do artigo 15 da Orde do 27 de decembro de 2019, establece o seguinte:
"Porase a disposición na sede electrónica un anexo V como modelo orientativo de convocatoria."

As bases propostas seguen o modelo orientativo elaborado pola Consellería de Emprego, Igualdade e reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de

concesión así coma órganos competentes, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

Todos estes contidos estímanse conformes ao interese público e ao ordenamento xurídico e suficientes , xunto co resto de documentación que consta no expediente , para o fin pretendido.

VI. PUBLICIDADE:

As bases publicaranse no BOP e a convocatoria se remitirá a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que remitirá un extracto da mesma ao BOP de acordo co establecido no art. 20.8.a) da LXS.

Así mesmo as subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo , da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados, de conformidade co art. 20.8.b) da LXS.

Tamén se recolle a publicación das bases, da convocatoria e dos beneficiarios na web do Concello de Vigo -portal de transparencia- de conformidade co art.8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na oficina de información do Concello de Vigo e na propia oficina administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego.

VII. ÓRGANO COMPETENTE:

A competencia para aprobar as bases, a convocatoria o extracto da mesma correspóndelle a **Xunta de Goberno Local**, a proposta do concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá nos termos das delegacións competencias efectuadas ao mesmo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. g) da LBRL, **previa fiscalización da Intervención Xeral** do Concello (artigos 9 da LXS e 6 da LGS e 214.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais

Polo exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases reguladoras dos incentivos á contratación por conta allea dos alumnos-traballadores do Obradoiro Dual de Emprego VIGO CAPACITA VI” e os modelos de formularios oficiais que se xuntan como Anexos ao presente acordo.

SEGUNDO: Aprobar o gasto por importe de 30.000,00 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700007 denominada “Axudas á contratación OE VIGO CAPACITA VI”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2021.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Incentivos á contratación por conta allea dos alumnos-traballadores do Obradoiro Dual de Emprego VIGO CAPACITA VI” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publica-



Concello de Vigo

ción que determinará o inicio do prazo dun mes (1mes) para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI BASES REGULADORAS

ÍNDICE

ARTIGO 1. FINALIDADE E DURACIÓN DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA.

ARTIGO 2. ENTIDADES BENEFICIARIAS DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN.

ARTIGO 3. CONTÍA DOS INCENTIVOS.

ARTIGO.4. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

ARTIGO 5. EXCLUSIÓNS. EXCLÚENSE DOS BENEFICIOS REGULADOS NESTE PROGRAMA.

ARTIGO 6. PRAZOS E SOLICITUDE

ARTIGO 7. XUSTIFICACIÓN E PAGO

ARTIGO 8. OBRIGACIÓNS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

ARTIGO 9. COMPETENCIA.

ARTIGO 10. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN, INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN.

ARTIGO 11. RESOLUCIÓN E RECURSOS.

ARTIGO 12. INCOMPATIBILIDADES E CONCORRENCIA

ARTIGO 13. PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN E REINTEGRO.

ARTIGO 14. DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DA SUBVENCIÓN.

ANEXOS

ANEXO I. SOLICITUDE

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA

ANEXO III. DECLARACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS

ANEXO IV. AUTORIZACIÓN CONSULTA DE DATOS

ANEXO V. XUSTIFICACIÓN

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DOS ALUMNOS TRABALLADORES DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI BASES REGULADORAS

Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.

1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea obxecto da presente convocatoria teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e a ocupabilidade das persoas participantes no OBRA-DOIRO DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA VI", número de EXPTE.: 36/00024/2020, proxecto mixto de formación e emprego promovido polo Concello de Vigo e financiado a través da convocatoria 2020 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade.
2. A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.
3. A xornada da contratación temporal será a *tempo completo*.

Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas/ entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, en concreto cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0108) e Servizos de Restaurante (HOTR0208) no ámbito da hostalería, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incurso nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.



Concello de Vigo

Artigo 3. Contía dos incentivos.

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.
2. O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 20 en total.
3. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.
4. Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Artigo 4. Contía total e crédito orzamentario

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2021 do Concello de Vigo é de 30.000 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700007 denominada "Axudas á contratación OE VIGO CAPACITA VI", de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Artigo 5. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa.

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás

cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Artigo 6. Prazos e solicitude.

1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e **rematará no prazo dun mes (1 mes), entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación**

2. Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

3, Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

4. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como Anexo I-Solicitude, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

- Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, incluída no Anexo I - Solicitude.
- Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

Artigo 7. Xustificación e pago.

1. De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación a presentar é a seguinte:

- a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do Anexo V – Xustificación.
- b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.



Concello de Vigo

- c) Documentación xustificativa das altas, e no seu caso baixas, dos traballadores/as con cargo aos incentivos á contratación, que abranguen un contrato de ao menos de 3 meses, a xornada completa.
- d) Outra documentación xustificativa ou aclaratoria que o Concello poidera requirir á empresa/ entidade beneficiaria da axuda.

2. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Artigo 8. Obrigacións das entidades beneficiarias.

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego, e dicir, un posto de traballo directamente relacionado cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0108) e Servizos de Restaurante (HOTR0208) no ámbito da hostalería.
2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa/entidade deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora do obradoiro dual de emprego, e dicir, ao Concello de Vigo, no prazo de sete días hábiles desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.
3. Como consecuencia da contratación temporal pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extíngase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciron por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.
4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego correspondente na forma regulamentariamente establecida.
5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigación, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego (Concello de Vigo), levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

Artigo 9. Competencia.

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá ao Concello de Vigo, como entidade promotora do obradoiro dual de emprego.

Artigo 10. Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solici-

tudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realízase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores/as dos requisitos establecidos, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. No caso de que se presenten un maior número de solicitudes de contratación que axudas concedidas, na súa valoración teranse en conta factores tales como que a empresa/entidade asinara previamente un compromiso de contratación do alumnado do obradoiro achegado co proxecto que o Concello presentou á Xunta de Galicia para solicitar a subvención (compromiso contemplado na Orde de convocatoria e que se puntúa na valoración do proxecto); que a empresa/ entidade solicitante contrate ao alumnado por un tempo superior aos tres meses.

3. Estes incentivos á contratación temporal por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de *mínimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *mínimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.

Artigo 11. Resolución e recursos.

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dous días hábiles para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 12. Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 13. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o



Concello de Vigo

momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Os obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando se extingue a relación laboral coa persoa traballadora subvencionada antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituíla.

Artigo 14. Devolución voluntaria da subvención.

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

10(714).- AUTORIZACIÓN DE GASTO COMPLEMENTARIO PARA O PAGO DE BECAS-AXUDAS AOS PARTICIPANTES NA FORMACIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” CONCELLO DE VIGO 2021. EXPTE. 17949/77.

Visto o informe de fiscalización do 05/08/2021, dáse conta do informe-proposta do 30/07/2021, asinado pola técnica de Xestión (Instrución do 28/07/2021) e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 21 de decembro de 2018, acordou *aceptar a subvención concedida na “Resolución de 13 de decembro de 2018, de la Dirección Xeneral de Cooperación Autonómica y Local, por la que se resolve la convocatoria de 2018 de axudas del Fondo Social Europeo destinadas a entidades locais para la inserción de las persoas más vulnerables, en el contexto del Programa Operativo de Empleo, Formación y Educación”.*

Na aceptación e resolución encoméndase ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego *a xestión do proxecto “Vigo pola Inserción Laboral” conforme ao establecido na Orde PRA/37/2018, do 16 de xaneiro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Empleo, Formación e Educación, destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.*

Na memoria técnica complementaria do proxecto establécese unha oferta formativa conducente á obtención de certificados de profesionalidade, que conteñen módulos de formación específica e prácticas profesionais, que supoñen unha acreditación oficial recoñecida no ámbito educativo e laboral, que permitirá unha maior inserción laboral destes colectivos vulnerables. O cronograma estimado dos itinerarios formativos do proxecto,

discorrerá ata o mes de xuño de 2022, en virtude da modificación do contrato dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” (Expte. 6618/241) aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 17 de xuño de 2021, e que permitirán a incorporación ao proxecto de 315 persoas desempregadas pertencentes a colectivos vulnerables ás que se lle ofrecerá orientación personalizada, formación axeitada ao seu perfil e prácticas profesionais en empresas para así lograr unha acreditación oficial e a inserción social e laboral.

A Resolución da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, pola que se aproba a convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP- POEFE), de 23 de marzo de 2018 contempla na súa disposición oitava: Gastos Subvencionables, serán subvencionables os gastos derivados do desenvolvemento das actuacións do proxecto, e contemplado no apartado 2.B) Axuda económica aos participantes nos itinerarios, que cubrirá os gastos de asistencia á formación, transporte, manutención, aloxamento e conciliación co coidado de familiares, fixando que se achegará unha contía de 13,45 euros por persoa formada e día de asistencia ás accións formativas do proxecto, segundo o Anexo II “Baremo de custes unitarios. Axudas POEFE. Convocatoria 2018” desta mesma convocatoria.

Os participantes terán dereito a recibir esta axuda económica se carecen de rendas ou ingresos, de calquera natureza, iguais ou superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM). As axudas que perciban por prestacións sociais públicas ou de asistencia social, computan no referido límite do 75%, tal e como establece a Resolución da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se modifican as Instrucións Xerais para a execución dos proxectos cofinanciados con axudas AP- POEFE do Fondo Social Europeo 2014-2020, destinadas a Entidades Locais para a Inserción de colectivos desfavorecidos de 20 de xaneiro de 2020.

II. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 14 de xaneiro de 2021 adoptou o seguinte acordo, en relación coa proposta de **aprobación do procedemento de pago das axudas económicas aos participantes dos itinerarios formativos do proxecto “Vigo pola inserción laboral” para o ano 2021** (Expte. 17949-77):

“PRIMEIRO: Autorizar o gasto por importe de Cento cincuenta e catro mil catrocentos trece con sesenta e oito euros (154.413,68€) para facer fronte as becas-axudas que se devenguen no exercicio 2021, pola asistencia ás distintas accións (formación específica -certificado de profesionalidade-, formación transversal e complementaria presencial, orientación/titorías e prácticas profesionais non laborais) dos/as participantes no proxecto “Vigo pola inserción laboral”, con cargo á partida orzamentaria 2410 4800015 “Becas-axudas_Proxecto “Vigo pola inserción laboral”.-2021

SEGUNDO: Aprobar o importe máximo das becas-axudas que para a anualidade 2021 será de **295,90 euros/mes e de 13,45 euros/día** .

TERCEIRO: Aprobar para a anualidade 2021 o procedemento de pago das becas-axuda para os/as participantes do Programa, consistente en remitir mensualmente á



Concello de Vigo

Intervención Xeral municipal antes do día cinco de cada mes para a súa inclusión dentro do listado de nóminas de persoal, a seguinte documentación:

Informe da xefatura do Servizo, de asistencia ás actividades de formación dos/as beneficiarios do programa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas, e contías que se lle deben pagar aos/ás participantes na formación, en función dos días de asistencia e segundo o procedemento de cálculo establecido, facendo así efectivo o pagamento destas becas-axudas a mes vencido, durante a súa participación no proxecto. “

III. En cumprimento da senda financeira marcada na disposición décimo cuarta da resolución da Dirección Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, pola que se aproba a convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables (AP- POEFE), de 23/03/2018, presentouse a primeira declaración de gasto do proxecto “Vigo pola inserción laboral” en data 30/06/2021.

Realizada unha primeira avaliación de resultados do proxecto, conclúese que se iniciaron con gran éxito de participación, 18 edicións formativas, con 263 alumnos, dos cales 161 cumpren a condición de beneficiarios da axuda económica, superando as previsións estimadas en xaneiro de 2021.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de xuño de 2021, en relación a MODIFICACIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN DO PROGRAMA “VIGO POLA INSERCIÓN LABORAL” (EXPTE. 6618/241), adoptou o seguinte acordo:

“1o.- Modificar o contrato dos servizos de formación do programa “Vigo pola inserción laboral” deixando sen efecto a limitación temporal establecida no apartado 4.A da FEC (30 de setembro de 2021) por mor da Resolución de 5 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se adoptan medidas para facer fronte ao impacto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 na execución dos proxectos financiados pola convocatoria 2018 de axudas do Fondo Social Europeo, previstas no Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (POEFE), destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables.

2o.- A modificación non implica custe económico, polo que non procede o reaxuste das garantías definitivas depositadas polos contratistas”.

Esta supresión da limitación temporal do 30/09/2021 permite levar a cabo as tres edicións formativas restantes, cumprindo co obxectivo do proxecto de impartir 8 itinerarios formativos, distribuídos en 21 edicións, o que se traduce nunha estimación final de participación para este ano 2021 de 308 alumnos e 206 beneficiarios de axudas económicas, segundo o seguinte detalle:

EDICIÓNS FORMATIVAS	Nº EDICIÓNS	ALUMNOS/ EDICIÓN	ALUMNOS BENEFICIA- RIOS AXUDAS
ACTIVIDADES AUXILIARES DE COMERCIO (COMT0211): 270h_Iniciada o 30/11/2020	1	15	7
ACTIVIDADES AUXILIARES DE COMERCIO (COMT0211): 270h_Iniciada o 06/04/2021	1	15	12
OPERACIÓNS BÁSICAS DE CATERING (HOTR0308): 250h_Iniciada o 09/12/2020	1	15	9
OPERACIÓNS BÁSICAS DE CATERING (HOTR0308): 250h_Iniciada o 29/03/2021	1	15	11
ACTIVIDADES DE VENDA (COMV0108): 590h_Iniciada o 05/10/2020	1	10	6
ACTIVIDADES DE VENDA (COMV0108): 590h_Iniciada o 22/02/2021	1	15	11
ACTIVIDADES DE VENDA (COMV0108): 590h_Outubro 2021	1	15	15
ACTIVIDADES DE VENDA (COMV0108): 590h_Decembro 2021	1	15	15
ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS (SSCS0208): 450h_Iniciado o 09/11/2020	1	15	9
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACÉNS (COML0210): 390h_Iniciada o 05/10/2020	1	14	5
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACÉNS (COML0210): 390h_Iniciada o 25/01/2021	1	15	12
ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ALMACÉNS (COML0210): 390h_Iniciada o 19/05/2021	1	15	5
OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA (HOTR0108): 350h_Iniciada o 13/10/2020	1	15	6
OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA (HOTR0108): 350h_Iniciada o 08/02/2021	1	15	9
OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA (HOTR0108): 350h_Iniciada o 04/05/2021	1	15	9
OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA (HOTR0108): 350h_Iniciada o 18/05/2021	1	15	8
OPERACIÓNS BÁSICAS DE COCIÑA (HOTR0108): 350h_Outubro 2021	1	15	15
ACTIVIDADES DE XESTIÓN DO PEQUENO COMERCIO (COMT0112): 530h_Iniciada o 11/01/2021	1	15	8



Concello de Vigo

ACTIVIDADES DE XESTIÓN DO PEQUENO COMERCIO (COMT0112): 530h_Iniciada o 27/04/2021	1	15	11
SOLDADURA OXIGÁS E SOLDADURA MIG/MAG (FMEC0210): 600h_Iniciada o 14/12/2020	1	14	10
SOLDADURA OXIGÁS E SOLDADURA MIG/MAG (FMEC0210): 600h_Iniciada o 08/03/2021	1	15	13
TOTAL	21	308	206

As cantidades abonadas en concepto de becas-axudas económicas desde xaneiro ata xuño de 2021 ascenden a cento trinta e catro mil novecentos corenta e tres con oitenta e cinco euros (134.943,85.-€) e a previsión estimada para os vindeiros meses de xullo a decembro de 2021 é de sesenta e sete mil seiscentos cincuenta e tres con cincuenta euros (67.653,50.-€), facendo un custe total previsible para este exercicio 2021 de douscentos dous mil cincocentos noventa e sete con trinta e cinco euros (202.597,35-€).

Por todo iso, o custo inicial estimado en concepto de becas-axudas para o proxecto “**Vigo pola inserción laboral**” de cento cincuenta e catro mil catrocentos trece con sesenta e oito euros (**154.413,68€**) é insuficiente para facer fronte ao gasto previsto ata final de ano, polo que é preciso incrementar a autorización de gasto para facer fronte as becas – axudas económicas que se devenguen no exercicio 2021 polo importe de **Corenta e oito mil cento oitenta e tres con sesenta e sete euros (48.183,67.-€)**

O pagamento das becas-axuda do presente ano poderá facerse con cargo á partida 2410 4800015 "Becas-Axudas_Proxecto “Vigo pola inserción laboral”.-2021

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar o gasto por importe de Corenta e oito mil cento oitenta e tres con sesenta e sete euros (48.183,67.-€) para facer fronte as becas-axudas que se devenguen no exercicio 2021, pola asistencia ás distintas accións formativas (formación específica -certificado de profesionalidade-, formación transversal e complementaria presencial, orientación/titorías e prácticas profesionais non laborais) dos/as participantes no proxecto “Vigo pola inserción laboral”, con cargo á partida orzamentaria 2410 4800015 “Becas-axudas_Proxecto “Vigo pola inserción laboral”.-2021

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(715).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, TR351F 2021/42-5. EXPTE. 18352/77.

Visto o informe xurídico de data 04/08/2021, dáse conta do informe-proposta de data 08/08/2021, asinado pola técnica de xestión (Instrución do 27/07/2021), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 21 de maio de 2021, acordou:

1.1.- Aprobar a memoria do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, **“Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo”**, que se xunta para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para o ano 2021, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.

1.2.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **431.409,59 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.

2.3.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.

3.4.- Delegar no concelleiro de Cultura e Emprego, D. Abel Losada Álvarez a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

ANEXO I:

Resumo de proxecto memoria do servizo:

“Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo”

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO_2021											
Grupo de cotización	Categoría	Postos	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total (bruto+ssoci al)	9 meses 75% Xornada
8	Oficial albanel	6	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/d	37,80	470,11	1.713,77	69.407,79 €
	Of. conducción	3	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/d	37,80	470,11	1.713,77	34.703,90 €
	Oficial xardinería	2	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/g	34,70	431,55	1.675,22	22.615,46 €
	Oficial Pintor	2	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/d	37,80	470,11	1.713,77	23.135,93 €
	Oficial fontaneiro	1	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/d	37,80	470,11	1.713,77	11.567,97 €
	Oficial Electricista	1	1.066,00	177,67	1.243,67	1.243,67	84/d	37,80	470,11	1.713,77	11.567,97 €
10	Peón construción	18	958,55 €	159,76 €	1.118,31 €	1.118,31	84/d	37,80	422,72	1.541,03	187.235,01 €
10	Peón xardinería	7	958,55 €	159,76 €	1.118,31 €	1.118,31	84/g	34,70	388,05	1.506,36	71.175,57 €
		40			9.698,62 €						431.409,59 €

II. Con data 26 de xullo de 2021 recíbese a notificación electrónica da concesión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situa-



Concello de Vigo

ción ou risco de exclusión social, TR351F 2021/42-5, por resolución da xefa territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, de data 26 de xullo de 2021 en base á Orde do 12 de abril de 2021 (DOGA n.º 78 do 27 de abril de 2021), pola que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **431.409,19 €** para a contratación de **40 persoas** durante 9 meses cunha xornada parcial do 75%.

A devandita resolución non supón a concesión da totalidade da subvención solicitada polo Concello de Vigo (expdte. 18242/77).

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*1.- Aceptar a subvención concedida na resolución do da xefa territorial de Pontevedra da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, de data 26 de xullo de 2021 en base á Orde do 12 de abril de 2021 (pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 TR351F 2021/42-5), na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 431.409,19 € para a contratación de **40 persoas** durante 9 meses cunha xornada parcial do 75%.*

2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2021/42-5.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(716).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA VENTE CON NÓS 2021. EXPTE. 8752/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 05/08/2021, asinado pola xefa en funcións do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área de Participación Cidadá e Festas e pola secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A administración de oficio detectou erro material que se evidencia nos apartados a), c) e e) do primeiro PACTO, do Concenio de colaboración entre o Concello de vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo para o desenvolvemento do programa "Vente con nós" 2021, polo que de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común procede a rectificación do erro de xeito que,

Rectificación dos apartados a), c) e e) do primeiro pacto do Convenio de Colaboración entre o concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo para o desenvolvemento do programa “Vente con Nós” 2021 da seguinte forma:

Onde dí:

a) Participaran 24 grupos artísticos de música e danza tradicional, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indica no proxecto.

c) Establécense dúas categorías para actuacións de **música e danza tradicional**: Categoría A (16 entidades, 320,00 euros por actuación) e categoría B (8 entidades, 180,00 euros por actuación). O importe total dos grupos folclóricos ascende a 12.480,00 euros, sendo a proposta da Agrupación a seguinte:

CATEGORIA A: (320,00 euros por actuación)

Grupo de Baile “Andarela”
Grupo de Baile “Asubio”
Grupo de Baile “O Fiadeiro”.
Grupo de Baile “C.C.A.R. de Valladares”
Grupo de Baile “A.F. Corisco”
Grupo de Baile “CRAC de Coruxo - A Buxaina”
Grupo de Baile “Froles Novas”
Grupo de Baile “Helios de Bembrive”
Grupo de Baile “Lembranzas Galegas”
Grupo de Baile A. F. “Queixumes”
Grupo de Baile A. C. “Traspés”
Grupo de Baile A. Monteiro D. M.
Grupo de Baile A. C. Tarambainas
Grupo de Baile: A.C. “Sons das Ferriñas”
Grupo de Baile C.S.C.R. de Beade
Grupo de Baile “Os ventos de Comesaña”

CATEGORIA B: (180,00 euros por actuación)

Grupo de Baile “C.C.R. Cabral”
Grupo de Baile “Atlántida de Matamá”
Grupo de Gaitas “Rueiro de Coia”
Grupo de Gaitas “A.X. de Tempo Libre Vagalume”
Grupo de Gaitas “S.C. Pardavila”
Grupo de Baile: “A.C. Alalá”
Grupo de Baile A. V. V. Santa Mariña de Cabral



Concello de Vigo

Grupo de Baile A. C. O Coto

e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 19.340,00 euros, 12.480,00 euros correspondentes ás corenta e cinco actuacións de grupos e as cantidades restantes a gastos de organización (recursos materias e humanos) e material de difusión.

Debe dicir:

a) Participarán 26 grupos artísticos de música e danza tradicional, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.

c) Establécense dúas categorías para actuacións de **música e danza tradicional**: Categoría A (17 entidades, 320,00 euros por actuación) e categoría B (9 entidades, 180,00 euros por actuación). O importe total dos grupos folclóricos ascende a 12.160,00 euros, sendo a proposta da Agrupación a seguinte:

CATEGORIA A: (320,00 euros por actuación)

Grupo de Baile "Andarela"
Grupo de Baile "Asubio"
Grupo de Baile "O Fiadeiro".
Grupo de Baile "C.C.A.R. de Valladares"
Grupo de Baile "A.F. Corisco"
Grupo de Baile "CRAC de Coruxo - A Buxaina"
Grupo de Baile "Froles Novas"
Grupo de Baile "Helios de Bembrive"
Grupo de Baile "Lembranzas Galegas"
Grupo de Baile A. F. "Queixumes"
Grupo de Baile A. C. "Traspés"
Grupo de Baile A. Monteiro D. M.
Grupo de Baile A. C. Tarambainas
Grupo de Baile: A.C. "Sons das Ferriñas"
Grupo A.V.V. Freixo
Grupo de Baile C.S.C.R. de Beade
Grupo de Baile "Os ventos de Comesaña"

CATEGORIA B: (180,00 euros por actuación)

Grupo de Baile "C.C.R. Cabral"
Grupo de Baile "Atlántida de Matamá"
Grupo de Gaitas "Rueiro de Coia"
Grupo de Gaitas "A.X. de Tempo Libre Vagalume"
Grupo de Gaitas "S.C. Pardavila"

Grupo de Baile: "A.C. Alalá"

Grupo de Baile A. V. V. Santa Mariña de Cabral

Grupo A.V.V. Sárdoma

Grupo de Baile A. C. O Coto

e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 19.020,00 euros, 12.160,00 euros correspondentes ás corenta e cinco actuacións de grupos e as cantidades restantes a gastos de organización (recursos materias e humanos) e material de difusión.

Polo exposto propónse a adopción do seguinte **ACORDO**:

Aprobar a rectificación de erros materiais rectificación dos apartados a), c) e e) do primeiro pacto do Convenio de Colaboración entre o concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo para o desenvolvemento do programa "Vente con Nós" 2021 da seguinte forma:

Onde dí:

a) Participaran 24 grupos artísticos de música e danza tradicional, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indica no proxecto.

c) Establécense dúas categorías para actuacións de **música e danza tradicional**: Categoría A (16 entidades, 320,00 euros por actuación) e categoría B (8 entidades, 180,00 euros por actuación). O importe total dos grupos folclóricos ascende a 12.480,00 euros, sendo a proposta da Agrupación a seguinte:

CATEGORIA A: (320,00 euros por actuación)

Grupo de Baile "Andarela"

Grupo de Baile "Asubio"

Grupo de Baile "O Fiadeiro".

Grupo de Baile "C.C.A.R. de Valladares"

Grupo de Baile "A.F. Corisco"

Grupo de Baile "CRAC de Coruxo - A Buxaina"

Grupo de Baile "Froles Novas"

Grupo de Baile "Helios de Bembrive"

Grupo de Baile "Lembranzas Galegas"

Grupo de Baile A. F. "Queixumes"

Grupo de Baile A. C. "Traspés"

Grupo de Baile A. Monteiro D. M.



Concello de Vigo

Grupo de Baile A. C. Tarambainas
Grupo de Baile: A.C. "Sons das Ferriñas"
Grupo de Baile C.S.C.R. de Beade
Grupo de Baile "Os ventos de Comesaña"

CATEGORIA B: (180,00 euros por actuación)

Grupo de Baile "C.C.R. Cabral"
Grupo de Baile "Atlántida de Matamá"
Grupo de Gaitas "Rueiro de Coia"
Grupo de Gaitas "A.X. de Tempo Libre Vagalume"
Grupo de Gaitas "S.C. Pardavila"
Grupo de Baile: "A.C. Alalá"
Grupo de Baile A. V. V. Santa Mariña de Cabral
Grupo de Baile A. C. O Coto

e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 19.340,00 euros, 12.480,00 euros correspondentes ás corenta e cinco actuacións de grupos e as cantidades restantes a gastos de organización (recursos materias e humanos) e material de difusión.

Debe dicir:

a) Participarán 26 grupos artísticos de música e danza tradicional, pertencentes ás entidades asociadas á Agrupación que se indican no proxecto.

c) Establécense dúas categorías para actuacións de **música e danza tradicional**: Categoría A (17 entidades, 320,00 euros por actuación) e categoría B (9 entidades, 180,00 euros por actuación). O importe total dos grupos folclóricos ascende a 12.160,00 euros, sendo a proposta da Agrupación a seguinte:

CATEGORIA A: (320,00 euros por actuación)

Grupo de Baile "Andarela"
Grupo de Baile "Asubio"
Grupo de Baile "O Fiadeiro".
Grupo de Baile "C.C.A.R. de Valladares"
Grupo de Baile "A.F. Corisco"
Grupo de Baile "CRAC de Coruxo - A Buxaina"
Grupo de Baile "Froles Novas"
Grupo de Baile "Helios de Bembrive"
Grupo de Baile "Lembranzas Galegas"
Grupo de Baile A. F. "Queixumes"
Grupo de Baile A. C. "Traspés"
Grupo de Baile A. Monteiro D. M.

Grupo de Baile A. C. Tarambainas
Grupo de Baile: A.C. "Sons das Ferriñas"
Grupo A.V.V. Freixo
Grupo de Baile C.S.C.R. de Beade
Grupo de Baile "Os ventos de Comesaña"

CATEGORIA B: (180,00 euros por actuación)

Grupo de Baile "C.C.R. Cabral"
Grupo de Baile "Atlántida de Matamá"
Grupo de Gaitas "Rueiro de Coia"
Grupo de Gaitas "A.X. de Tempo Libre Vagalume"
Grupo de Gaitas "S.C. Pardavila"
Grupo de Baile: "A.C. Alalá"
Grupo de Baile A. V. V. Santa Mariña de Cabral
Grupo A.V.V. Sárdoma
Grupo de Baile A. C. O Coto

e) O orzamento de gastos dos programas ascende a 19.020,00 euros, 12.160,00 euros correspondentes ás corenta e cinco actuacións de grupos e as cantidades restantes a gastos de organización (recursos materias e humanos) e material de difusión.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(717).- CESIÓN TEMPORAL DE VIVENDA E-638-C-8 DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 11020/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/08/2021, asinado pola xefa do Servizo, a asesora xurídica de Igualdade e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Con data 4 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, resolve conceder ao Concello de Vigo a autorización de inicio de actividades para tres vivendas de propiedade municipal co obxecto de poder destinalas ao acollemento temporal para mulleres vítimas de violencia de xénero, baixo a tipoloxía de "Vivendas tuteladas" ordenando a anotación destas autorizacións no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais cos seguintes números de identificación: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.



Concello de Vigo

O día 6 de agosto de 2021 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI: *****6236****, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada do seu filla menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valora necesario que se aprobe a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI: *****6236**** e a súa filla, a ocupen por un período de seis meses, (a contar desde a data de ingreso da unidade familiar na vivenda, data fixada polo equipo multidisciplinar do Centro municipal de información dos dereitos da muller), transcorridos os cales deberán abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

Durante o período de permanencia na vivenda municipal a unidade familiar recibirá apoio profesional por parte da educadora de apoio asignada e polo equipo multidisciplinar adscrito á concellería de Igualdade.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar a cesión temporal da vivenda da rede municipal de pisos de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 11020/224 por un período de 6 meses, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(718).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO I PLAN DE IGUALDADE DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11011/224.

Visto o informe xurídico do 09/08/2021 e o informe de fiscalización do 10/08/2021, dáse conta do informe-proposta de data 05/08/21, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica adscrita ao Servizo, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Igualdade e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I. CONTEXTO NORMATIVO E PRINCIPIOS

- O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Pola súa banda, o artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos

de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas.

- A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal recoñecido en diversos textos internacionais sobre dereitos humanos, entre os que destaca a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en 1983. Neste mesmo ámbito procede evocar os avances introducidos por conferencias mundiais monográficas, como a de Nairobi de 1985 e a de Beijing de 1995.

A igualdade é, así mesmo, un principio fundamental na Unión Europea. Dende a entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, o 1 de maio de 1999, a igualdade entre mulleres e homes e a eliminación das desigualdades entre unhas e outros son un obxectivo que se debe integrar en todas as políticas e accións da Unión e dos estados membros.

Ao abeiro do antigo artigo 111 do Tratado de Roma, desenvolveuse un acervo comunitario sobre igualdade de sexos de grande amplitude e importante calado, a cuxa axeitada transposición se dirixe, en boa medida, a LOI. En particular, a LOI incorpora ao ordenamento español dúas directivas en materia de igualdade de trato, a 2002/73/CE, de reforma da Directiva 76/207/CEE, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesional e ás condicións de traballo; e a Directiva 2004/113/CE, sobre aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso a bens e servizos e á súa subministración (Preámbulo LOI 3/2007).

Dende a entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, a eliminación das desigualdades entre homes e mulleres é un obxectivo prioritario da política da Unión. Neste senso, hai que destacar a Directiva 2006/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.

- No ámbito estatal, aprobouse a Lei Orgánica 3/2007 de igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres que ten por finalidade facer efectiva a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres e a eliminación da discriminación contra a muller. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo e, especialmente, as derivadas da maternidade, a asunción de obrigas familiares e o estado civil (Artigo 3 LOI).

O principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, aplicable no ámbito do emprego privado e no do emprego público, garantirase, nos termos previstos na normativa aplicable, no acceso ao emprego, mesmo ao traballo por conta propia, na formación profesional, na promoción profesional, nas condicións de traballo, incluídas as retributivas e as de despedimento, e na afiliación e participación nas organizacións sindicais e empresariais, ou en calquera organización cuxos integrantes exerzan unha profesión concreta, incluídas as prestacións concedidas por estas.

Respecto á regulación da obriga de elaboración e aplicación dos plans de igualdade (Artigo 45.1 y 2 LOI)



Concello de Vigo

“As empresas están obrigadas a respectar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e, con esta finalidade, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes, medidas que deberán negociar e, se é o caso, acordar cos representantes legais dos traballadores na forma que se determine na lexislación laboral.

No caso das empresas de máis de cen persoas traballadoras, as medidas de igualdade á que se refire o punto anterior deberanse dirixir á elaboración e aplicación dun plan de igualdade, co alcance e contido establecidos neste capítulo, que deberá ser, así mesmo, obxecto de negociación na forma que se determine na lexislación laboral”.

De conformidade co establecido no artigo 46 da LOI: “Os plans de igualdade das empresas son un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar un diagnóstico de situación, que tenden a alcanzar na empresa a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo. Os plans de igualdade fixarán os concretos obxectivos de igualdade que se prevé alcanzar, as estratexias e prácticas que se van adoptar para a súa consecución, así como o establecemento de sistemas eficaces de seguimento e avaliación dos obxectivos fixados”.

- Para os efectos do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes no ámbito de aplicación do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade teranse en conta as definicións de discriminación directa e indirecta e de acoso e acoso sexual contidas no artigo 2 da Directiva 2006/54/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato entre homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación.

Os plans de igualdade das empresas, conforme á redacción do art. 65 do Decreto Lexislativo 2/2015, son:

“Un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de se ter realizado un diagnóstico da realidade dende a perspectiva de xénero, tendentes a alcanzar na totalidade dos ámbitos da empresa o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo, as cales deben comprender:

a) A fixación de obxectivos concretos de igualdade nuns prazos de tempo razoables, con especificación de indicadores do cumprimento dos obxectivos e identificación dos órganos ou das persoas responsables.

b) Un código das boas prácticas necesarias ou convenientes para alcanzar os obxectivos asumidos a través da integración da dimensión de igualdade na organización do traballo e na xestión empresarial.

c) O establecemento de sistemas eficaces de control interno e de avaliación externa sobre cumprimento dos obxectivos, así como de mecanismos de readaptación deses obxectivos en función dos resultados obtidos”.

- O Real Decreto Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no apartado 2 da súa Disposición Adicional 7ª recóllese o mandato xeral dirixido ás “Administracións Públicas” para elaborar e aplicar un

plan de igualdade para as traballadoras e traballadores dependentes delas. Nesta Lei, de maneira expresa, obrígase ás Administracións Públicas a respectar a igualdade de trato e oportunidades no ámbito laboral e, por iso, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación entre mulleres e homes; de igual modo, obriga a que o plan de igualdade elaborado e aprobado sexa desenvolvido no convenio colectivo ou no acordo de condicións de traballo do persoal empregado.

- Real Decreto 902/2020, de 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes. No seu artigo 7 estipula “As empresas que elaboren un plan de igualdade deberán incluír no mesmo unha auditoría retributiva, de conformidade co artigo 46.2.e) da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, previa aa negociación que requiren os ditos planes de igualdade....”

Na Disposición adicional cuarta deste Real Decreto establécese “Ao persoal laboral ao servizo das administracións públicas resultaralle de aplicación o previsto no presente regulamento, de acordo coas peculiaridades establecidas na súa lexislación específica.

Na Disposición Adicional primeira establécese que para cumprir co establecido neste RD será preciso aplicar o procedemento de valoración dos postos de traballo que o Real Decreto establece e que se aprobará a través dunha orde ditada a proposta conxunta dos Ministerios de Traballo e Economía Social e do Ministerio de Igualdade.

II. ANTECEDENTES e METODOLOXÍA DO PROCESO

É competencia municipal delegada da concelleira da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal (en materia de recursos humanos e formación) e da Concelleira da Área de Igualdade e Normalización en materia de igualdade e promoción da muller) o impulso das actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de Igualdade no Concello de Vigo.

Como consecuencia do establecido na Constitución do ano 1978, nos seus artigos 14 e 9.2, e nas directivas comunitarias, desenvólvese e apróbase a LO 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establecéndose no seu Título IV, capítulos I ao IV, toda unha serie de medidas para garantir o dereito ao traballo en igualdade de oportunidades.

Así, e para dar cumprimento ás obrigas legais en materia de Igualdade de Xénero, os termos nos que queda recollido no artigo 45 da LO 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, estableceuse un plan de traballo dividido en fases diferenciadas:

1ª Fase: Compromiso da entidade.

O Presidente da Corporación Municipal do Concello de Vigo en data 19 de xullo de 2016 aprobou o compromiso no establecemento e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminar directa ou indirectamente por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da mesma, de acordo coa definición do de-



Concello de Vigo

vandito principio que establece a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes.

Para levar á práctica estes principios enunciados asume a obriga de elaborar un Plan de Igualdade para as persoas traballadoras do sector público que está recollida tanto na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes que afecta directamente á Administración Xeral do Estado e ós seus Organismos Públicos, que implica a todas as Administracións Públicas.

2ª Fase: Negociación e aprobación do Informe Diagnóstico.

En data 07.10.2019 constitúese a Mesa Sectorial de Negociación do Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo con representación paritaria de representantes do Goberno Municipal e da representación sindical con lexitimidade para negociar. Coa asistencia de persoal técnico de asesoramento especializado: Titular de Asesoría Xurídica, Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, Secretaría Xeral do Goberno e Xefa do Servizo de Igualdade.

Na sesión de data 28.10.2019 esta Mesa Sectorial de Negociación aproba por unanimidade o informe diagnóstico (Alcance 2017), fase previa á elaboración do Plan de Igualdade de Persoal ao Servizo do Concello de Vigo, elaborado por auditoría laboral externa, coas modificacións e aclaracións acordadas no seo da Mesa.

3ª Fase: Negociación de accións e medidas do Plan.

Nesta fase, a representación sindical achegou á Mesa Sectorial de Negociación numerosas e diversas propostas de medidas e accións a incluír no Plan de Igualdade. Unha vez revisadas polos servizos técnicos municipais e coa conformidade da representación do goberno municipal na Mesa, o documento do I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo enviouse á Mesa Sectorial para a súa aprobación e firma das partes.

4ª Fase: Aprobación do *I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo*.

Na sesión celebrada o 27 de xullo de 2021 a Mesa Sectorial de Negociación aproba o documento do “I Plan de Igualdade do Persoal ao servizo do Concello de Vigo” e o anexo coas fichas de seguimento e avaliación.

O documento fírmase nesa mesma data polas persoas representantes da Mesa Sectorial de negociación.

III. I PLAN DE IGUALDADE DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO

O I Plan de Igualdade do Persoal ao servizo do Concello de Vigo, aprobado pola Mesa Sectorial de Negociación, constitúe un avance no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030, principalmente nos ODS 5 “Igualdade de xénero” e ODS 8 “Traballo decente e crecemento económico”, e en concreto no cumprimento das metas 5.1, 5.2, 5.4, 5.5, e 8.5, é dicir, en poñer fin a todas as formas de discriminación contra

as mulleres; eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas nos ámbitos públicos e privados; recoñecer a importancia dos coidados e fomentar a corresponsabilidade; asegurar a participación plena e efectiva de mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado; lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor.

Ten como obxectivo principal "A integración transversal do principio de igualdade nas actuacións do Concello de Vigo e eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten a igualdade efectiva de mulleres e homes" e ten unha vixencia de catro anos.

O alcance do Plan é o persoal (funcionario/laboral) do Concello de Vigo e o da Xerencia Municipal de Urbanismo.

O documento recolle os antecedentes, a metodoloxía do proceso e as conclusións máis relevantes do Informe Diagnóstico aprobado no seu día pola Mesa Sectorial de Negociación.

O plan estrutúrase en doce áreas de actuación:

1. Proceso de selección e contratación
2. Desenvolvemento da carreira profesional
3. Clasificación Profesional
4. Infrarepresentación feminina
5. Formación
6. Retribucións
7. Conciliación e Corresponsabilidade
8. Prevención do acoso sexual e por razón de sexo
9. Violencia de xénero
10. Condicións de traballo e saúde laboral
11. Comunicación, Cultura e responsabilidade corporativa
12. Transversalidade, estudos, informes e medios

O documento establece 140 medidas de actuación con indicación, en cada unha delas, do seu cronograma, indicadores de avaliación e os ámbitos responsable da súa execución e/ou impulso.

Incorpórase ao Plan o Anexo "Fichas de seguimento e avaliación" nas que se indican os seguintes aspectos con relación a cada acción:

- Descrición da acción
- Ámbito responsable
- Ámbito e indicador a utilizar para o seguimento e avaliación de cada acción
- Obxectivos que se pretenden alcanzar coa acción
- Métodos ou procedementos que se utilizarán para implantala
- Recursos materiais, humanos e económicos necesarios
- Data prevista de posta en marcha e execución da acción
- Data prevista de finalización



Concello de Vigo

Para levar a cabo o seguimento, unha vez aprobado o Plan, constituirase unha Comisión de Seguimento e Avaliación que será responsable de realizar o seguimento periódico das accións do Plan e avaliar o seu grao de cumprimento.

Os plans de igualdade constitúen unha manifestación da propia negociación colectiva (Sentenza da Audiencia Nacional de data 16.09.2015 confirmada por Sentenza do Tribunal Supremo 9-05-2017, rec. 85/16). Concretamente o artigo 38.3 do TREBEP sinala que para os pactos e acordos que determinen as condicións de traballo do funcionariado sexan válidos e eficaces será necesaria a aprobación expresa e formal dos órganos de goberno das Administracións Públicas.

A doutrina maioritaria entende que os ditos pactos e acordos conteñen elementos que permiten soste que estamos ante instrumentos de natureza “regulamentaria ou normativa”. Neste senso a STS de data 14 de abril de 2000, (Rec. 535/1996) dispón “(...) El «Acuerdo» impugnado, en la medida en que su contenido plasma una regulación de determinados aspectos de la relación que liga al Ayuntamiento con sus funcionarios, tiene una significación normativa, pues su eficacia no se agota en una o varias concretas aplicaciones, sino que tiene una vocación ordenadora de situaciones futuras desde una previsión abstracta y general.

Por tanto, a los efectos que de lo que aquí se está analizando, a dicho «Acuerdo» ha de reconocérsele el valor de disposición de carácter general.”

Non obstante os ditos pactos ou acordos non se poden asimilar de maneira absoluta aos regulamentos ou ordenanzas polo carácter interno que ostentan, é dicir, que non despregan efectos ad extra. Así mesmo os trámites necesarios para a aprobación dos acordos non son os propios dunha disposición regulamentaria e a competencia para a súa aprobación ven limitada polo TREBEP, posto que o órgano deberá limitarse a aprobar ou rexeitar o acordo da mesa sectorial de igualdade, sen posibilidade de modificación.

Conforme ao artigo 127.1.a) da LRBRL corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos.

O artigo 123.1.d) da LRBRL atribúe ao Pleno a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais.

O I Plan de Igualdade do Persoal ao servizo do Concello de Vigo, unha vez aprobado polo Pleno da Corporación Municipal publicarase no Boletín Oficial da Provincia e inscribirase no Rexistro que corresponda de conformidade coa normativa de aplicación. Asemade, publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, así como en calquera outro medio que se considere oportuno coa finalidade de incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública.

Mediante a aprobación deste Plan que ten unha vixencia de catro anos, o Concello de Vigo comprométese a dotar dos medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento das medidas que o integran, dotando as partidas orzamentarias que proceda para a execución do mesmo.

IV. PROPOSTA

Unha vez aprobado e firmado pola Mesa Sectorial de Negociación, e previo informe da Intervención Xeral, propónse ao Pleno da Corporación Municipal, previo sometemento á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar o I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo (e fichas de seguimento e avaliación) aprobado e asinado en data 27.07.2021 polas persoas representantes da Mesa Sectorial de Negociación cuxo texto está incorporado ao expediente núm. 11011-224.

SEGUNDO.- Publicar o “I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo” no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, así como en calquera outro medio que se considere oportuno coa finalidade de incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública.”

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o órgano que a ditou no prazo de 1 mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses, de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación, ou de desestimación do recurso de reposición.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(719).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE “ASEGURAMENTO DE VEHÍCULOS A MOTOR E REMOLQUES DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL”. EXPTE. 14838/445.

Visto o informe xurídico de data 30/07/2021 e o informe de fiscalización do 03/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 30/07/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- A necesidade de contratar unha póliza de seguros que cubra os riscos derivados do funcionamento e actividade da frota de vehículos municipais, deriva da obriga prevista no artigo 2 do Real Decreto Legislativo 8/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos a motor.

2º.- Actualmente, está en execución o contrato adxudicado pola Xunta de Goberno



Concello de Vigo

Local en sesión do 05/12/2017, adxudicou a SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, o contrato da cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo, por importe de 326.976,00 €.

3º.- En data 30/12/2017, formalizouse o contrato entre o Concello de Vigo e SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, para a cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade municipal. O prazo do citado contrato é de dous anos, contando a partir das 00.00 horas do 01/01/2018, podendo prorrogarse o contrato por acordo expreso do órgano de contratación por períodos anuais, cun máximo de dúas prorrogas.

4º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 31/10/2019, entre outros asuntos acordou “Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (expte. 12550-445), formalizado coa entidade SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS polo período comprendido dende as 00.00 horas do 1 de xaneiro de 2.020 ao 31 de decembro de 2.020.”

5º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 29/10/2020, acordou entre outros asuntos acordou “Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo (expte. 12550-445), formalizado coa entidade SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS polo período comprendido dende as 00.00 horas do 1 de xaneiro de 2.021 ao 31 de decembro de 2.021.”

6º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario, de datas 07 e 11/05/2021.
- B) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 11 e 12/05/2021.
- C) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 04/06/2021 e corrixida por erro aritmético en documento anexo de data 29/07/2021.
- D) Certificado de existencia de crédito (RCFUT 202100055161) asinado polo Director Superior Contable en data 08/06/2021.
- E) Anuncio previo no Diario Oficial da Unión Europea de data 22/06/2021.
- F) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 27/07/2021.

- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 27/07/2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 27/07/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 29/07/2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20/06/2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP, e incorpora o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o mesmo.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e LCSP); a insuficiencia de medios (artigo 116.4.f LCSP); con respecto á clasificación dos empresarios (artigo 116.4.b LCSP), o artigo 77.1.b establece que non é esixible; os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).



Concello de Vigo

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de **“ASEGURAMENTO DE VEHÍCULOS A MOTOR E REMOLQUES DO PARQUE MÓBIL MUNICIPAL”**.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 27/07/2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 29/07/2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS TRINTA E CINCO MIL CATROCEN-TOS SESENTA E OITO EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (335.468,80 €)**, IVE exento en virtude do artigo 20.1.16 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9202.224.00.00 “Seguro de vehículos”, segundo a distribución de anualidades proposta.

2022	167.734,40 €
2023	167.734,40 €
TOTAL	335.468,80 €

Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(720).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE PERSOAL SUBALTERNO PARA O SERVIZO CEDRO. EXPTE. 38057/220.

Visto o informe de fiscalización do 06/08/2021, dáse conta do informe-proposta de data 04/08/2021, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data de sinatura electrónica de 01/07/2021 remítase á Área de Recursos Humanos e Formación solicitude da Área funcional de Benestar Social conformada pola Concellería-delegada da Área de Goberno competente, solicitando o reforzamento con 2 subalternos por acumulación de tarefas para o CEDRO, dentro da actividade asistencial que o dito ámbito desenvolve, nos termos da motivación derivada das necesidades do servizo apreciadas pola Área solicitante.

2.- Analizada a solicitude, en data 15/07/2021 procédese á incoación de expediente.

3.- Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica (trámite 27 do expediente) que inclúe a proposta de gasto e a verificación de sostibilidade do capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais, e no cal, entre outras cuestións, consta o seguinte:

*“Con respecto ao apartado I - **cuantificación económica:***

Nº de FUNCIONARIOS INTERINOS PROPOSTOS : 2

Subalterno/a- acumulación tarefas (dous postos)

2021

Código Retributivo	155
Posto	SUBALTERNO/A
Grupo Tiitulación	GRUPO TRANSITORIO E
Nº prazas	2
Data prevista nomeamento	09/08/2021 a 08/02/2022 e 01/09/21 a 30/11/21
Meses	6 meses e 3 meses, respectivamente
Código Retributivo	155
Retribucións anuais Posto 2021 *, 0,9 % respecto 2020	
Basicas	8.408,08 €
CD Anual	4.676,28 €
CE Anual	9.376,84 €
Total retribucións	22.461,20 €
Seguridade Social	7.283,57 €
CUSTE TOTAL ANUAL	29.744,77 €

CUADRO RESUMO CUSTE EXPEDIENTE

SUBALTERNO/A (2 POSTOS) Acumulación tarefas



Concello de Vigo

Custo Total Proposta (1 posto) // Ano 2021/2022		Periodo - (09-08/2021 a 08/02/2022)- 1 POSTO - 6 meses (01-09/2021 a 30/11/2021) - 1 POSTO - 3 meses
Retribucións totais (1 posto)	22.461,20 €	16.845,90 € (1)
Seguridade Social (1 posto)	7.283,57 €	5.462,67 € (2)
Total	29.744,77 €	22.308,57 € (3)

(1) Da referida cantidade 14.487,47€, corresponde a presente exercicio e, 2.358,43€ ao vindeiro exercicio 2022.

(2) Da referida cantidade 4.697,90€ corresponde a presente exercicio e, 764,77€ ao vindeiro exercicio 2022.

(3) Da referida cantidade 19.185,37€, corresponde a presente exercicio e, 3.123,20€ ao vindeiro exercicio 2022.

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2021 e 2022, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social"

4.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito 4º sinala o seguinte:

Asimesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido ao expediente, o custe do efectivo proposto por un período de 2 meses é o seguinte:



Concello de Vigo

- 6.901,21 euros en concepto de retribucións totais con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento do exercicio 2021.
- 2.205, 18 euros para cubrir a seguridade social con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.
- Custe total: **9.106, 39 euros.**

Efectuándose unha remisión expresa ao contido do informe técnico referenciado, solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 50 do expediente) consta que:

- *“Que verificada a listaxe de reserva para a categoría de Diplomados/as en Enfermería, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.*
- *Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, **procede o chamamento como Diplomado en Enfermería a J. Rouco Velasco con DNI: ***6787****, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico.”

O aspirante interesado e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de carácter económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones legales en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) *La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) *La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) *La intervención material del pago.*
- d) *La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: *Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:*

- *Categoría profesional: Diplomado/a en Enfermería.*
- *Modalidade legal: funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP)*
- *Destino: Área de Benestar Social-CEDRO.*
- *Período temporal: 2 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).*
- *Custe económico: 9.106, 39 euros, desglosados en 6.901,21 euros en concepto de retribucións totais con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.0000, e 2.205,18 euros para cubrir a seguridade social con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.160.0099, dos vixentes Orzamentos Municipais 2021.*

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos na tramitación administrativa do expediente electrónico nº 38.076/220 obxecto de aprobación.

SEGUNDO: *Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, a **D. J. Rouco Velasco con DNI: ***6787****, na súa condición de aspirante incorporado en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

TERCEIRO: *Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en*



Concello de Vigo

horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

CUARTO: *Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura da Área/Servizo, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.*

SEXTO.- *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(723).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) PARA A REALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS NO ANO 2021 (2º SEMESTRE). EXPTE. 3971/330.

Visto o informe xurídico do 02/08/2021 e o informe de fiscalización do 06/08/2021, dáse conta do informe-proposta do 21/07/2021, asinado pola técnica Media de Actividades Culturais e Educativas, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Pola súa banda, os decreto de delegación de competencias do de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 delegan no concelleiro da Área de Cultura a promoción e difusión da Cultura e o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral."

A Concellería da Área de Cultura organiza semestralmente a programación estable de artes escénicas con programación de música, teatro, danza, circo e maxia, todas as fins de semana de febreiro a abril e de outubro a novembro.

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio

dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios para fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.

No convenio previsto para este segundo semestre do ano 2021, abrangue un único contrato con dúas funcións que supón un custe total de 5.108 € (dos que 3.500 € os achega AGADIC e a cantidade restante, 1.680 € o Concello. Estes contratos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura, entre outros contratos fóra deste convenio que conforman a programación Vigocultura do segundo semestre de 2021. Trátase de programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados o pagos á compañía que se contrata que aparece neste convenio, xustificando a Agadic e ingresado o importe aquí conveniado por parte desta Axencia, a Concellería de Cultura tramitará a correspondente xeneración de crédito polo importe máximo resultado do convenio de colaboración (3.500 €) na partida orzamentaria da Área de Cultura 33312260906 "programación Auditorio Municipal", o cal permitirá incorporar este importe á programación do ano 2022 destinada a este programa cultural. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Enténdese, xa que logo que o obxecto deste convenio é a aprobación do texto deste que serve para cofinanciar a dita representación escénica a través da achega de AGADIC de 3500 €, sendo polo tanto un expediente de ingresos e non de gasto, non sendo obxecto deste expediente a fiscalización dos contratos privados de gasto menor que se realizan para contratar as actividades, que se fiscalizan no seu momento por parte da Intervención Municipal.

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réximen Xurídico do Sector Público, este convenio non ter por obxecto a prestación propia dun contrato. Así pois este documento non estaría suxeito á Lei de Contratos do Sector Público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no



Concello de Vigo

ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia.

A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuindo á realización de actividades de utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira.

A achega financeira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

É por isto, polo que se remite á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral deste Concello, o proxecto do texto do convenio para o segundo semestre para a súa aprobación e posterior sinatura por parte do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Por todo isto, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

1. Aprobar a proposta do texto do convenio coa Axencia Galega das Industrias Culturais para o financiamento da programación de artes escénicas do segundo semestre do ano 2021 celebrada no Auditorio Municipal do Concello ao abeiro da Rede Galega de Teatros e Auditorios, entidade á que pertence o Concello de Vigo desde o ano 2007 e que se achega no expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ENTIDADE CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2021.

Santiago de Compostela

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con CIF Q6550009B no exercicio das facultades e demais funcións que lle foran conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da

Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG Nº 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, Abel Fermín Losada Álvarez , representante de CONCELLO DE VIGO en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe por parte do concello o secretario, en virtude do R.D. 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

EXPOÑEN:

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".

3. O artigo 5.1 Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".

4. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".

5. A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da Administración Local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.

6. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita Rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Esta está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhiren para a difusión das artes



Concello de Vigo

escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.

7. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

8. O CONCELLO DE VIGO e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrncia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2021.

Por este motivo, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do segundo semestre do ano 2021 no Auditorio Municipal de Vigo integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na Resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto do presente convenio está incluídas no plan estratéxico dos convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Segunda.-Obrigas do Concello/Deputación

Mediante a sinatura deste convenio, CONCELLO DE VIGO comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro na cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

a) Levar a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.

b) Aboar ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.

c) Asumir os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.

d) Remitir a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina de Agadic www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.

e) Comunicar, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.

f) Utilizar en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas. A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

g) Poñer á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.

h) Facilitar á Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

Terceira.-Obrigas de Agadic

A Agadic, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar e asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

a) Realizar dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b) Xestionar e manter actualizada a páxina de xestión: www.galescena.gal, a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c) Revisar, comprobar e aprobar as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d) Colaborar e apoiar o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborar informes de público, así como calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.



Concello de Vigo

f) Facer fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

Cuarta.-Financiamento

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 5,180.00 euros, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

A Agadic colaborará cunha achega de 3,500.00 euros, impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 11A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2021

O CONCELLO DE VIGO colaborará coa cantidade restante de 1,680.00 euros.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

A porcentaxe de cada aportación así como a súa programación será a que segue:

PI	INVENTI TEA-TRO	A gran viaxe	24-09-2021	Rúa do Príncipe	1,400.00 €	1,400.00 €
PI	INVENTI TEA-TRO	A gran viaxe	25-09-2021	Rúa do Príncipe	2,100.00 €	280.00 € + 15 % bill.
Total:					3,500.00 €	1,680.00 €

Quinta.-Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase con data límite do **31 de marzo de 2022** electronicamente, accedendo ao expediente na carpeta do cidadán da persoa representante da entidade pública no web: <https://sede.xunta.gal/>

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

-Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acreedor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe. Os documentos de gasto das actividades levadas a cabo deberán ter como data límite o 31 de marzo de 2022. No caso de non estar aboadas todas as facturas, presentarase o recoñecemento da obriga e/ou documento de gasto comprometido pola entidade das actividades levadas a cabo e deberá ter como data límite o 31 de decembro de 2021.

-Informe do responsable da programación de que a realización da actividade se desenvolveu de acordo co establecido en convenio.

-Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde

apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, Xacobeo 2021 e Xunta de Galicia, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.

En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

-Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.

-Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Agadic minorarase proporcionalmente.

O pagamento das cantidades estipuladas no presente convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade e efectuarase en dúas fases:

- 50% trala sinatura do convenio, logo de acreditar as labores de coordinación e xestión da programación mediante a presentación dunha memoria explicativa das labores realizadas de cara ao cumprimento das obrigas que asumen en virtude do convenio.

- 50 % ao remate da programación e unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

Sexta.-Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Sétima,- Dereitos sobre a información e difusión da colaboración das partes

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométense a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 2021 e a da Xunta de Galicia, seguindo as normas



Concello de Vigo

respectivas en materia de identidade corporativa.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

Oitava.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento con aviso previo de dous meses ou por incumprimento dos compromisos adquiridos.

Novena.-Comisión de seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

Décima.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

Décimo primeira.- Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo segunda .- Notificación electrónica

O artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os

que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira - Protección de datos de carácter persoal

As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

Así mesmo, as partes responsabilizaranse de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco deste convenio se faga con absoluto respecto ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de executar o convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.



Concello de Vigo

Décimo cuarta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

20(724).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO ENTORNO URBANO DA RÚA GRAN VÍA, ENTRE AS RÚAS VENEZUELA E NICARAGUA, FASE II”. EXPTE. 959/441

Visto o informe xurídico de data 30/07/2021 e o informe de fiscalización do 05/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 29/07/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 19.01.2021 resolveu autorizar o gasto para redacción da actualización do proxecto de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía entre as rúas Venezuela e Nicaragua, a favor da empresa ICEACSA Consultores S.L.U.

II.- A empresa ICEACSA Consultores S.L.U. presentou borrador de proxecto de “REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO ENTORNO URBANO DA RÚA GRAN VÍA, ENTRES AS RÚAS VENEZUELA E NICARAGUA FASE II”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Roberto Núñez De Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATRO MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.234.891,89 EUROS).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 03.06.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 04.06.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 10.06.2021 aprobou o proxecto de “REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO ENTORNO URBANO DA RÚA GRAN VÍA, ENTRE AS RÚAS VENEZUELA E NICARAGUA FASE II”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Roberto Núñez De Arenas Basteiro cun orzamento base de licitación máis IVE de CATRO MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.234.891,89 €) e con sinatura dixital de data 01.06.2021. (Expte.4989-443).

IV.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 10.06.2021 e que se corresponde co expediente administrativo 4989-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Roberto Núñez De Arenas Basteiro de sinatura dixital de data 01.06.2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de datas 10 e 11 de xuño de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 11 de xuño de 2021.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 12 e 14 de xuño de 2021.
- E) Certificado de crédito RC nº 202100056375 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 15 de xuño de 2021 de 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 27 e 28 de xullo de 2021.



Concello de Vigo

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 28 de xullo de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 28 de xullo de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 03.06.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO ENTORNO URBANO DA RÚA GRAN VÍA, ENTRE AS RÚAS VENEZUELA E NICARAGUA FASE II**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Roberto Núñez De Arenas Basteiro

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 28 de xullo de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CATRO MILLÓNS DOUSCENTOS TRINTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.234.891,89 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 734.981,24 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1539 6190000 “PRTE-EU, Mov.R.Venezuela-Nicaragüa”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	4.234.891,89 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(725).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI". EXPTE. 957/441.

Visto o informe xurídico de data 26/07/2021 e o informe de fiscalización do 04/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 26/07/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 23/09/2020 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto da humanización da Rúa de Aragón, Fase VI a prol da empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL S.L.



Concello de Vigo

2º.- A empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL S.L. presentou borrador de proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI”, para a fase de supervisión, redactado polo Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS SETENTA MIL EUROS (570.000,00 €).

3º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 01/06/2021, o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de datas 01 e 02/06/2021 e informe da Intervención Xeral de data 03/06/2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 10/06/2021 aprobou o proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI”**, redactado polo Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de **CINCOCENTOS SETENTA MIL EUROS (570.000,00 €)** e sinatura dixital de data 01/06/2021 (Expte. 4921-443).

4º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 10/06/2021 que se corresponde co expediente administrativo 4921/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, con data 01/06/2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 10 e 11/06/2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 11/06/2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 14/06/2021.
- E) Certificado de existencia de crédito (RCREM1 nº202100056343) asinados polo Director Superior Contable en data 15/06/2021.
- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas D. Jerónimo Centrón Castaños, en data 17/06/2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 05/07/2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 06/07/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 23/07/2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 01/06/2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "**HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI**" redactado polo Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de 570.000,00 €.



Concello de Vigo

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23/07/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CINCOCENTOS SETENTA MIL EUROS (570.000,00 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 98.925,62 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.86 (Hum. Rúa Aragón, 6ª Fase) segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	570.000,00 €
TOTAL	570.000,00 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Continuidade na prestación do subministro de arrendamento e réxime de aluguer (renting) de vehículos para a Policía Local. Expte. 43577/212.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

22(726).- CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SUBMINISTRO DE ARRENDAMENTO E RÉXIME DE ALUGUER (RENTING) DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE. 43577/212.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/08/2021, asinado pola xefa do Servizo de Contratación (P.A. a técnica de Admón. Xeral), a concelleira-delegada de Área, a titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do renting de vehículos para a Policía Local (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do renting de vehículos para a Policía Local (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de xullo de 2016, a Xunta de Goberno local acordou a adxudicación do contrato de renting de vehículos para a Policía Local a favor de BANCO SANTANDER S.A. por un prezo total de 989.416,80 euros (IVE incluído). Este contrato formalizouse o día 31 de agosto de 2016. O prazo de execución era de 4 anos cunha prórroga de 9 meses de duración.

Finalizado o prazo contractual, prorrogouse o contrato por acordo da Xunta de Goberno local de data 5 de xuño de 2020, comezando o 15 de novembro de 2020 e debendo rematar o 14 de agosto de 2021.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 22 de abril de 2021, acordou aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, para o subministro en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos para o servizo da Policía Local (expte 68047-212), cos pregos de prescricións técnicas particulares e de cláusulas administrativas particulares, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

O procedemento de licitación publicouse no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello de Vigo o 27 de abril de 2021, finalizando o prazo de presentación de ofertas o 24 de maio.



Concello de Vigo

Terceiro.- Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 27 de maio de 2019, acordou:

- “[...] non admitir a BANCO SANTANDER, S.A. neste procedemento por ter presentado dúas proposicións, non estando permitido que cada licitador poida presentar máis dunha proposición. Así o establecen tanto o artigo 139.3 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público como a cláusula 13.6 do PCAP. A infracción desta norma dá lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por BANCO SANTANDER, S.A.”
- “Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. AUTOS IGLESIAS, S.L.
 2. TALLERES RODOSA, S.L.”

Na mesma sesión abriuse o sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” e acordouse solicitar informe sobre esta documentación ao servizo xestor.

Cuarto.- O 10 de xuño de 2021, D. Luis Miguel Pernas Hermida, e D. Enrique Daniel Facal da Costa, en nome e representación de BANCO DE SANTANDER, S.A., interpoñen recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), contra a acordo de exclusión deste procedemento.

Quinto.- A concelleira delegada de Contratación (por delegación da Xunta de Goberno local - acordo 20.06.2019), o 18 de xuño de 2021, adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 27 de maio de 2021, polo que non se admite a BANCO SANTANDER, S.A. por ter presentado dúas proposicións para este procedemento (artigo 139.3 da Lei 9/2007, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e cláusula 13.6 do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TALLERES RODOSA, S.L.	85,00 puntos
2	AUTOS IGLESIAS, S.L	16,33 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TALLERES RODOSA, S.L. (B-36.620.193), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Sexto.- O 9 de xullo de 2021 recíbese resolución nº 137/2021 da mesma data do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se desestima o recurso interposto por BANCO DE SANTANDER, S.A. contra o acordo do 27.05.2021 de non admisión da súa proposición na contratación dunha subministración en réxime de arrendamento (renting) de 17 vehículos dotados de transformación policial, expediente 68047-212 do Concello de Vigo.

Sétimo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 22 de xullo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a or TALLERES RODOSA, S.L o procedemento aberto para a contratación para a contratación do subministro en réxime de arrendamento de vehículos para a Policía local (68.047-212)coas seguintes condicións:

1.- O prezo do contrato o de 1.048.344,00 euros (IVE incluído), sendo a cota correspondente ao IVE de 181.944,00 euros. Este prezo corresponde a suma dos prezos de cada unha das seguintes clases de vehículos (IVE incluído) multiplicados polo número de unidades de cada unha e polos 4 anos de duración do contrato:

- *Clase I 450.700,80 euros.*
- *Clase II 248.582,40 euros.*
- *Clase III 153.331,20 euros.*
- *Clase IV 62.145,60 euros.*
- *Clase V 133.584,00 euros.*

2.- Unha redución do prazo de entrega de 30 días.

Este acordo foi notificado aos interesados o mesmo día. Ao tratarse dun contrato suxeito a recurso especial en materia de contratación, o prazo de 15 días hábiles de espera para a sinatura do contrato remata o 12 de agosto de 2021.

Oitavo.- O 11 de agosto de 2021 o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e o xefe da Policía Local, coa conformidade da concelleira delegada de Seguridade emiten un informe no que xustifica a imposibilidade de que o adxudicatario do contrato que se pretende formalizar no expediente 68.047-212, TALLERES RODOSA, S.L., poida entregar os vehículos antes de que remate o contrato vixente con BANCO SANTANDER.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato obxecto deste informe, réxese pola seguinte normativa:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público.

-II-

Da finalización do prazo do contrato de renting de vehículos para a Policía Local (43.577-212) con carácter previo á data ofertada de entrega dos vehículos do novo contrato que garanta a continuidade do subministro

Como se indicou nos antecedentes, a prórroga do contrato de renting de vehículos para a Policía Local (43.577-212) remata o día 14 de agosto de 2021.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse, por acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de abril de 2021, un novo expediente de contratación que abrangue as mesmas prestacións que expediente nº 68.047-212.

Na actualidade o estado da tramitación do expediente atópase pendente do prazo de espera de 15 días hábiles previo á formalización do contrato por estar suxeito a recurso especial en materia de contratación, polo que non pode garantirse que o 14 de agosto se vaian entregar os vehículos do novo contrato.

Cómpre sinalar que o apartado 4 do Anexo I -FEC- do PCAP fixa un prazo total de “4 anos, que se computarán a partir da data de entrega dos vehículos. Se non se entregasen todos os vehículos simultaneamente, o cómputo do prazo contarase a partires da primeira entrega” e dous prazos parciais:

- “30 días, a contar desde o seguinte o da formalización do contrato en documento administrativo, para a presentación do prototipo.
- 90 días, a contar desde o seguinte á formalización do contrato en documento administrativo, para a entrega dos vehículos”.

A imposibilidade de dispoñer dos vehículos á finalización do contrato anterior debeuse a atrasos na tramitación do novo contrato (68.047-212) polos motivos recollidos nos antece-

dentos cuarto a sexto do informe asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e o xefe da Policía Local o 11 de agosto de 2021 que se reflicten a continuación:

“Cuarto.- Constante a vixencia da crise sanitaria a nivel mundial, a paulatina reapertura na cadea global de valor das actividades económicas derivada dos constantes avances no nivel de inmunidade ten implicado, en canto aquí importa, coñecidos problemas temporais de reaxuste entre a oferta e a demanda nos mercados de bens e servizos.

Así, do lado da oferta, o temporal desabastecemento de compoñentes electrónicos esenciais para a automoción (microchips) implica sucesivamente, en primeira instancia problemas de produción para os fabricantes, volatilidade de prezos, e os inevitables e subseguintes graves deaxustes no mercado de comercialización e de vendas. Realidade que o diario local Atlántico reflexa fielmente o pasado 14/07/21 informando que Stellantis Vigo (multimarca recoñecida como a fábrica máis productiva de España) acumula 69 días con alteración total ou parcial da súa actividade en 2021 (<https://www.atlantico.net/articulo/economia/stellantis-vigo-suma-otra-paradas-microchips/20210714135439851867.html>). Pero ás causas coxuntarais parecen sumarse outras de tipo estrutural e sistémico. Así, o diario La Voz de Galicia publicaba o pasado 31 de xullo que Stellantis clausura casi un 40 por cento da súa rede comercial en España (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/economia/2021/07/31/stellantis-clausura-40-red-comercial-espana-elimina-129-concesionarios/0003_202107G31P22993.htm), e o 04 de agosto seguinte que está en venta o concesionario de Opel en Vigo, que se traslada para concentrar catro marcas de Stellantis (https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2021/08/04/venta-concesionario-opel-traslada-concentrar-avenida-madrid-cuatro-marcas-stellantis/0003_202108V4C3992.htm).

Do lado da demanda, basta con reparar en que é un sector estratéxico (11 por cento de participación no PIB) especialmente intensivo en mano de obra (9 por cento do emprego, medido en participación no PIB; fonte, informe anual ANFAC-2020), para poñer de relieve as dificultades conxunturais do sector (excepcional incerteza sobre o nivel de descenso da demanda, confirmada cunha minoración de ingresos superior ao 15 por cento en 2020; fonte, Informe Anual 2020 do Banco de España), e o seu través, da propia licitación e adxudicación do contrato.

Quinto.- Do propio informe anual 2020 do Banco de España de 13 de maio de 2021 dedúcese de modo patente as extremas e persistentes dificultades con que se perfolu o obxecto do contrato desde o seu inicio ata a adxudicación.

En efecto, as sucesivas e inconstantes proxeccións que contén da coxuntura macro para a economía española observadas desde o comenzo da crise sanitaria (volatilidade dos datos dispoñibles, inestabilidade da relación entre indicadores e actividade), obrigaron a formular ata tres escenarios alternativos en cada caso (un central e dous alternativos, suave e severo, que difiren entre si incluso no curto prazo), que a súa vez diverxen entre si en dúas dimensións: a altamente imprevisible evolución da pandemia e a súas consecuencias no medio prazo na crise económica. As dúas dimensións están profundamente enlazadas.

As diferencias entre escenarios sobre a evolución da pandemia se concentran no ano 2021 (severidade de novos brotes no curto prazo, grao de inmunidade da poboación).

As diferencias entre escenarios do impacto da evolución efectiva da pandemia sobre a crise económica depende a súa vez de outros dous factores.

O primeiro, o grao de destrución do tecido productivo (desaparición persistente de empresas) e do emprego (longa duración), e o conseguinte risco da súa amplificación por transmisión ao propio sistema financeiro (incremento dos impagos crediticios) determinando unha menor dispoñibilidade de financiamento do sector privado e un encarecemento do crédito.

O segundo factor atende á incertidume sobre o nivel de persistencia dos cambios inducidos no comportamento dos axentes económicos como consencuencia da crise sanitaria e



Concello de Vigo

a subseguinte económica. En particular, sobre o intenso incremento da taxa de aforro experimentada polos fogares durante 2020, produto das restricións das actividades e da propia precaución pola extrema incertidume inherente.

En definitiva; describe un shock de mercado, repentino e persistente. Unha crise sistémica, de evolución completamente incerta para o propio responsable da política monetaria coadxuvante da realización da política económica do goberno (art. 7 da Lei 13/94 de Autonomía do Banco de España).

Sexto.- O expediente de contratación iniciouse o 09 de febreiro de 2020, nove meses antes da súa conclusión prevista para novembro de 2020.

O 11 de febreiro de 2020 asíñase o informe de idoneidade e necesidade.

O 17 de marzo declarouse o estado de alarma, con suspensión de prazos administrativos (Real Decreto 463/20, D.A. 3ª).

O 07 de maio de 2020, o funcionario que suscribe realiza consulta co contratista sobre a posibilidade de aprobar a prórroga do contrato corrente (Expte: 43577-212), con cita da excepcional natureza da crise económica en canto á súa intensidade (disrupción de oferta e demanda).

O 12 de maio de 2020 formúlase proposta de prórroga.

O 05 de xuño de 2020 apróbbase en Xunta de Goberno Local a prórroga.

As esixencias dos pregos do novo contrato contemplaban un moderno sistema integrado para o control de todos os elementos de sinalización, vixilancia, control e comunicación propios dos vehículos de emerxencias. Tamén a posibilidade de suministro de vehículos eléctricos puros ou híbridos, con opcións abertas en clase e número.

Desde o servizo xestor realizáronse tempranas e continuadas actuacións indagatorias orientadas á formación do presuposto base de licitación do novo contrato.

Pero a fulgurante evolución da crise económica determinou que os escenarios orzamentarios para o novo contrato, que case duplicaban o vixente (dun millón de euros), devían ser inviables (consultas de agosto/setembro de 2020 e marzo de 2021 co responsable do orzamento).

Deducido o importe da transformación adicional (estimada en 445.000 euros), en marzo de 2021 o precio estimado do contrato persistía entre un 46 e un 53 por cento sobre o prezo da adxudicación anterior, co mesmo obxecto.

En tales circunstancias, non cabía máis que asumir o risco de unha licitación deserta. O presuposto base de licitación quedou finalmente determinado cun incremento de 24 puntos porcentuais sobre o do contrato cesante. Porén, unicamente presentáronse tres ofertas, unha delas excluída por razóns de procedemento.

En definitiva: ao marxe de cuestións de dudas sobre a efectiva dispoñibilidade de solucións de mercado (solucións eléctricas ou híbridas para determinadas clases de vehículos) tamén surtidas durante a tramitación do expediente, o certo é que a obtención dun orzamento base de licitación crible en termos de mercado resultou esencialmente inasequible, e a súa explicación descansa solidamente na autoridade do informe do Banco de España de constante referencia”.

Tendo en conta o anterior, que o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación por ter un valor estimado superior a 100.000 euros (artigo 44 da LCSP e apartado 1J do citado Anexo I), “a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos”, e que o PCAP prevía un prazo de entrega dos vehículos de 90 días (reducido a 60 días na oferta do adxudicatario), non é posible que os vehículos incluídos no contrato tramitado no expediente nº 68.047-212 poidan entregarse na data ofertada.

O informe de data 11 de agosto de 2021 xustifica a necesidade de continuar coa prestación do contrato 45.377-212 en que "a garantía da prestación do servizo de Policía Local, competencia propia e obrigatoria (art. 25.2 letra f da Lei 7/85 de bases do réxime local), implica necesariamente a completa e continua dispoñibilidade dos todos os vehículos obxecto do contrato, cuxa carencia determina simplemente a imposibilidade de prestar aquel. Non existe ningunha alternativa viable. O servizo prestase en tres turnos (24 horas). É unha policía integral no sentido de exercicio de todas as competencias que legalmente corresponden ao Corpo (art. 53 da L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade). Actualmente ten 304 policías en activo, cunha previsión de incorporación de novos funcionarios en 2021 ata alcanzar a cifra de 365. O Concello non dispón de frota propia".

O informe recolle o cálculo do custo total da prórroga polo tempo imprescindible ata a entrega dos vehículos do actual contrato, co seguinte detalle:

"En consecuencia, a prórroga do contrato acada un custo total previsto de 42.599,89 €, segundo o seguinte detalle:

Tipo Veh.	N.º Veh.	Total prezo veh./mes con IVE	PREZO/MES por clase con IVE
CLASE I	8	1.053,66	8.429,28
CLASE II	4	1.190,95	4.763,80
CLASE III	1	1.822,07	1.822,07
CLASE IV	2	1.397,02	2.794,04
CLASE V	2	1.401,83	2.803,66
	17		20.612,85

O prezo por un periodo de dous meses (60 días) de todas as clase có IVE engadido é de 41.225,70 €.

O prezo por 2 días do contrato de todas as clases có IVE engadido é de 1.374,19 €;

Na aplicación orzamentaria 1320.2040000 (vehículos da Policía Local) existe crédito adecuado e suficiente para dar cobertura ao gasto de 42.599,88 € correspondente ao ano 2021 (21% IVE engadido)".

-III-

Necesidade da prestación do renting de vehículos para a Policía Local ata a entrega dos vehículos do novo contrato

O contrato que nos ocupa ten por obxecto o subministro en réxime de arrendamento do de renting de vehículos para a Policía Local.



Concello de Vigo

Desprendese do informe do 11 de agosto de 2021 a necesidade de que se continúe coa prestación do subministro mentres non se faga efectiva a entrega dos vehículos do novo contrato, pola súa condición de servizo indispensable co que se pretende satisfacer a necesidade de por a disposición do servizo de Policía os vehículos necesarios para o seu correcto funcionamento, dado que este servizo é unha competencia municipal obrigatoria (artigo 25.2.f Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.a da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do subministro en réxime de arrendamento

Como se expuxo no fundamento xurídico II, non é posible garantir a entrega dos vehículos do novo contrato na data prevista, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación do subministro obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que a atrasen e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que suporía o non continuar coa prestación do servizo ou subministro ata a formalización do contrato, período que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, necesítase buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine da LCSP permite ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións. No entanto, está condicionada á concorrencia das seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permítese ampliar o contrato en vigor condicionado ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

Substancialmente concorren neste expediente as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato como consecuencia de circunstancias alleas ao órgano de contratación acaecidas durante a tramitación do expediente. Remítímonos neste punto ao recollido no informe asinado o 11 de agosto de 2021 polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e o xefe da Policía Local.
2. Existen razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato. En efecto, como se indica no informe do 11 de agosto, trátase dun servizo indispensable para a prestación do servizo de Policía Local.
3. O anuncio de licitación do novo contrato foi publicado con máis de tres meses de antelación á data de finalización do contrato orixinal. O contrato que nos ocupa finaliza o día 14 de agosto de 2021 e o anuncio de licitación do novo contrato foi publicado no DOUE e no perfil de contratante do Concello de Vigo o 27 de abril de 2021.

Se ben, como se ten dito, os contratos réxense pola normativa vixente no momento da súa formalización polo que este precepto non lle sería de aplicación. No entanto, o artigo 35.3 do TRLCSP, aplicable a este contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que *“Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato produci-se un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”*.

Se ben neste caso non concorre ningunha causa de nulidade, o certo é que no fondo late o mesmo problema, garantir a continuidade na prestación dun servizo público, polo que procedería a súa aplicación analóxica como veremos a continuación.

Ante a inminencia da finalización do prazo contractual sen terse formalizado e, en consecuencia, entregados os vehículos do novo contrato polos motivos expostos no informe do 11 de agosto de 2021 e sintetizados no fundamento xurídico II deste informe, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do subministro.

No ámbito local, a fundamentación da figura da prórroga *“obligatoria”* podería fundamentarse no artigo 128.1. 1º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que impón ao concesionario a obriga de prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente. Trátase dunha regra fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo, á que tamén obedecen os artigos 246 b) e 280 a) do TRLCSP.

A xurisprudencia tamén se ten pronunciado sobre esta cuestión. Exemplo é a sentenza do Tribunal Supremo do 18 novembro de 1986:

«(...) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza del Hospital Insular».

E a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Canarias do 1 de marzo de 1999 expone, que:



Concello de Vigo

«Al regular el art. 127.1 RS las potestades exorbitantes de que gozará la Administración en los contratos de servicios públicos señala que la Corporación concedente ostentará sin perjuicio de las que procedan, las potestades siguientes: 1º Ordenar discrecionalmente, como podría disponer si gestionare directamente el servicio, las modificaciones en el concedido que aconseje el interés público y, entre otras: a) la variación en la calidad, cantidad tiempo o lugar de las prestaciones en que el servicio consista, y b) la alteración de las tarifas a cargo del público y en la forma de retribución del servicio. Si observamos atentamente los preceptos transcritos siempre hacen referencia a la posibilidad de introducir modificaciones en el servicio. Por modificar hay que entender «cambiar una cosa mudando alguno de sus accidentes». Según la doctrina civilista se consideran, por regla general, condiciones accidentales del contrato las que se refieren a la cantidad, modo, tiempo o lugar de las obligaciones. La prórroga de la duración del contrato podría tener cabida dentro de la potestad de modificar el servicio (...)».

Especialmente relevante é a sentenza 143/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Vigo de 25 de abril (RCA 503/2015 P.O.), en canto á aplicación do artigo 35.3 do TRLCSP xa que analiza a aplicación analóxica do artigo 65.3 do TRLCAP coa mesma redacción, precisamente en relación coa continuidade dun contrato de limpeza do Concello de Vigo:

*"Aunque el presente caso no constituya exactamente el supuesto de hecho contemplado por el artículo 65.3 del TRLCAP, ya que el contrato suscrito por la actora y el Concello en el año 2001 sucesivamente prorrogado hasta el 31 de agosto de 2005 no se declaró nulo de pleno derecho, sino que simplemente expiró su vigencia, en ambos casos se trata de situaciones en las que el servicio contratado por la Administración a una empresa y que esta ha venido prestando con unas determinadas condiciones deja de tener sobrevenidamente el amparo de un contrato (en el caso del artículo 65.3 del TRLCAP porque se declara la nulidad del contrato, en el presente caso porque expiró su vigencia) y se hace necesaria una respuesta de urgencia para asegurar la continuidad del ser servicio público, evitando el grave trastorno al mismo que deriva del hecho de que el contrato se haya declarado nulo (o en nuestro caso, que haya expirado su vigencia, no pueda ser prorrogado y no sea posible de forma inmediata una nueva contratación) permitiendo la continuación, ya no del contrato como tal sino de sus efectos, permitiendo de esta forma la continuidad material en la prestación bajo las mismas condiciones hasta que se puedan adoptar las medidas pertinentes para evitar el perjuicio. Esta finalidad es trasladable al presente supuesto mutatis mutandis, al presente supuesto, en que se hacía necesaria asegurar la prestación del servicio de limpieza de forma inmediata (...). La similitud del supuesto y la concurrencia de identidad de razón amparan la **aplicación analógica**".*

Tamén o Informe 4/2016 da Junta Consultiva de Contratación administrativa de Canarias se ten pronunciado sobre esta cuestión no que conclúe:

«Consecuentemente, puede concluirse que la legislación de contratación pública no contiene ninguna regulación que sea directamente aplicable a este caso. De ahí que resulte justificado acudir a otras fórmulas derivadas del derecho civil, o de la legislación de régimen local para alcanzar una solución al problema.

Podría acudirse a distintas figuras legales que son analizadas a lo largo del presente informe como la incidencia en la ejecución, la celebración de un contrato menor- que plantea el problema de la limitación de la cuantía y la imposibilidad legal de concatenación de diversos contratos de esta tipología; de una tramitación de urgencia, la determinación de la existencia de una prórroga forzosa por tácita reconducción- que cuenta asimismo con la objeción jurisprudencial de la prohibición de la existencia de “prórrogas tácitas” o, finalmente, la adopción de un acuerdo de continuación del servicio, el cual, elude la apariencia de fraude que ofrecen otras soluciones y exigiría un acuerdo que debe adoptarse de forma motivada antes de que el contrato se extinga; además, de que la duración de su vigencia ha de ser proporcionada a la necesidad».

Tendo en conta o anterior e aplicando analoxicamente o artigo 35.3 do TRLCSP ao caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o subministro de renting de vehículos da Policía Local, ata a efectiva entrega dos vehículos do novo contrato segundo as previsións do PCAP e a oferta do adxudicatario.

O contrato deberá continuar nas mesmas condicións que ata a actualidade, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada á marxe do procedemento fixado na lei.

-V-

Condicións da continuidade do subministro

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o subministro de renting de vehículos para a Policía Local e garantir a continuidade na prestación do suministro, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do renting continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a efectiva entrega dos vehículos do novo contrato segundo as previsións do PCAP e a oferta do adxudicatario. Segundo o informe emitido polo xefe de Seguridade e Mobilidade e o xefe da Policía Local o 11 de agosto de 2021 estímase necesario ampliar o prestación do contrato por un período de 2 meses (desde o 15 de agosto ata o 16 de outubro de 2021), que se considera mínimo unicamente por si se producira algunha incidencia na formalización do novo contrato, e polo período indispensable para a disposición dos vehículos do novo contrato.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de



Concello de Vigo

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- A continuidade da prestación do subministro en réxime de arrendamento (renting) de vehículos para a Policía Local (expediente 43.577-212) nas mesmas condicións ata a efectiva entrega dos vehículos do novo contrato (68.047-212) segundo as previsións do prego de cláusulas administrativas particulares e a oferta do adxudicatario por un período mínimo de 2 meses (desde o 15 de agosto ata a efectiva entrega dos vehículos do novo contrato adxudicado no expediente 68.047-212).

2º.- Aprobar e dispoñer un gasto de 42.599,89 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.393,37 €, correspondente ao período de 2 meses (desde o 15 de agosto ata o 16 de outubro de 2021), a favor da mercantil BANCO SANTANDER, S.A., con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da Policía Local) e o seu nivel de vinculación xurídica.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(727).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez